

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de setembro de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE XULLO DE 2013 .-**

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de xullo de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE APOIO ÁS/AOS TRABALLADORAS/ES DE UNITONO NO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que expoña o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O comité de empresa de Unitono Ourense ven de denunciar a delicada situación que está a atravesar o centro de traballo da empresa Unitono Servicios Externalizados SAU situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no termo municipal de San Cibrao das Viñas. No devandito centro de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

*traballo préstase o servizo de atención ao cliente da empresa Gas Natural Fenosa. Debido á política desta empresa nos últimos tempos reduciuse progresivamente a carga de traballo do centro de San Cibrao das Viñas, de xeito moi acentuado dende a desaparición de Unión Fenosa Comercial. A razón é que todas as chamadas que se xestionaban dende o centro ourensán canalízanse agora dende outros centros de traballo instalados en Xerez e Cataluña. Estas decisións empresariais están a poñer en perigo a continuidade do centro de Unitono no Parque Tecnolóxico, e un gran número de postos de traballo na provincia de Ourense. As/os traballadoras/es directamente afectadas pola redución paulatina da carga de traballo son 150 aproximadamente, pero estas políticas de deslocalización afectan a máis familias en toda a provincia. Compre lembrarlle a Gas Natural Fenosa que esta empresa leva moitas décadas beneficiándose dos recursos naturais de Galicia con instalación de industrias térmicas, hidráulicas e de aeroxeración, entre outras. E que non todo é recibir, sen dar nada a cambio. Diante desta situación compre que os poderes públicos, e de xeito específico as administracións, empracen e presionen con todos os recursos políticos, legais e xurídicos ao seu alcance a Gas Natural Fenosa para que reverta esta política, tendo en conta que a provincia de Ourense é un área deprimida economicamente e que na empresa Gas Natural Fenosa sobreexplota os seus recursos naturais. Ademais hai que ter en conta que a empresa Unitono Servicios Externalizados do sector do telemarketing xera un gran número de empregos, especialmente entre as mulleres, que son esenciais para o desenvolvemento da economía desta provincia e de moitas familias. Por todo elo o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: Esixirlle a Gas Natural Fenosa o mantemento da carga de traballo que tiña Unitono Servicios Externalizados no Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas, para garantir a actividade e os postos de traballo nel. Instar á Xunta de Galicia para que empregue todos os métodos ao seu alcance para que Gas Natural Fenosa siga a manter esta carga de traballo. Trasladarlles este acordo á empresa Unitono Servicios Externalizados, ao Comité de Empresa e aos representantes dos traballadores nela".* Continúa dicindo que a intención do seu grupo era ter tratado esta moción no Pleno do mes de xullo, porque as traballadoras/as están a denunciar unha situación que é, cando menos, preocupante para a nosa provincia. Todos sabemos cales son os problemas que ten esta provincia. Estamos a sufrir un día tras outro o desmantelamento de moitas empresas. Temos que ser conscientes da situación e hai que tentar poñerlle remedio, ao que empraza ao Grupo Popular. Pensa que neste asunto non hai debate político e todos deberían tirar do mesmo carro, xa que así o piden as/os traballadoras/es. Saben que a Deputación, como institución, non ten competencias neste eido, polo que non van responsabilizar ao Sr. presidente de algo do que non ten responsabilidade directa, pero entenden que como presidente da Deputación representa a todos os ourensáns, e parte destes ourensáns van sufrir este problema, engadido a outros moitos. Estamos a tempo de parar isto coa axuda de todos e a Xunta de Galicia neste asunto ten moito que dicir, porque os recursos que explotan este tipo de empresas son recursos de todos. Cre que xa chegou a hora de dicir "basta xa", porque se explotan os nosos recursos tamén teñen que empregar os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

beneficios para que a nosa provincia sexa algo mellor. Cre que canto antes debería ter lugar unha reunión cos responsables da Xunta de Galicia que leven este tipo de asuntos, e facer o mesmo que se fixo na Coruña cun asunto similar, que se deu parado. Debemos apostar pola nosa provincia e tentar arranxar isto coa colaboración de todos.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, adianta o voto favorable do BNG á moción presentada polo Grupo Socialista, que é similar á que presentou o BNG no mes de xullo con respecto aos traballadores de T-Solar, que seguen pechados, aos que desde aquí lles mandan moita forza e moito ánimo para seguir coa súa loita. O BNG defende e defenderá nesta terra as condicións dignas de emprego e tamén para as empresas de telemarketing para rematar coa precarización e garantir salarios e condicións laborais xustas. O impacto producido na economía da nosa provincia, se se acaba confirmando o peche da empresa de telemarketing Unitono situada no Parque Tecnolóxico, que lles dá traballo a 140 persoas, das que unha parte moi importante son mulleres, é enorme e significaría unha lousa máis pesada, se cabe, a xa de por si precaria situación industrial e laboral da nosa provincia. O máis grave, a xuízo do BNG, é que á vista dalgunhas decisións de Gas Natural Fenosa, consistentes en derivar cara outras empresas de telemarketing parte da carga de traballo asignada a Unitono, poderíamos estar ante o preludio dunha eventual deslocalización desta planta, fenómeno que só no sector do telemarketing leva provocado a perda de máis de 30.000 postos de traballo no Estado Español, dos 80.000 que existían antes de comezar estas prácticas. Outro feito grave, ao entender do BNG, é que esta empresa leva vivindo á costa de Galicia, e que xera a súa produción baseándose nos nosos recursos naturais, que obtén a través do espolio e sobreexplotación, sen que iso ata o de agora teña reportado ningunha vantaxe comparativa para os galegos e as galegas, algo co que se pode presionar para que isto non se materialice.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non vai repetir as palabras do Sr. Gómez Pérez porque xa falou alto e claro. Compre lembrarlle a Gas Natural Fenosa (como xa dixeron os deputados dos grupos da oposición) que esta empresa leva moitas décadas beneficiándose dos recursos de Galicia, e especialmente da provincia de Ourense (habería que preguntarlles a cambio de qué, sobre todo aos concellos que están afectados polos encoros). Están de acordo en apoiar ás/aos traballadoras/es de Unitono, e dese xeito tanto a Presidencia como o Grupo Popular, na medida do posible, farán cantas xestións sexan factibles para defender os postos de traballo, tanto directos como indirectos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Esixirlle a Gas Natural Fenosa o mantemento da carga de traballo que tiña Unitono Servicios Externalizados no Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas, para garantir a actividade e os postos de traballo nel.
- Instar á Xunta de Galicia para que empregue todos os métodos ao seu alcance para que Gas Natural Fenosa siga a manter esta carga de traballo.
- Trasladarlles este acordo á empresa Unitono Servicios Externalizados, ao Comité de Empresa e aos representantes dos traballadores nela.

### **3º.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A POLÍTICA EDUCATIVA DA XUNTA DE GALICIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Coa supresión, por parte do goberno da Xunta de Galiza, de máis aulas agrupando ao alumnado de Educación Infantil, de 3 a 6 anos, con rapaces e rapazas de Primaria de ata 12 anos, estamos a asistir a un paso máis no desmantelamento permanente da educación como servizo público universal e á destrución de emprego, a través dunha política educativa orientada á mercantilización e posta ao servizo da patronal da privada e concertada. Esta medida está a contribuír, ademais, ao despoboamento do rural, de modo semellante ao acontecido hai trinta anos coas escolas-fogares que arrincaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas. O goberno do PP impón medidas sen diálogo, amosando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. En Galiza a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 logo da ocupación da Xunta polo Partido Popular e debido a súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerabelmente o número de profesores e profesoras do ensino público e, por outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas a estas, favorecendo aos centros que segregan por sexo e incumprindo unha sentenza xudicial que impide o concerto a este tipo de centros, reducindo de xeito*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

*constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou eliminando profesorado. Fixo desaparecer, ao trasladar para o ensino privado os cartos que se destinaban a un dos proxectos educativos máis innovadores, Preescolar na Casa, adaptado á realidade rural galega. Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública que está a implemenar o PP irán a peor. A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos. Por todo o anterior exposto, o grupo Provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza a:*

- 1. Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.*
- 2. Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado, especialmente cando hai necesidades educativas especiais.*
- 3. Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista,** manifesta que todos saben que ao Partido Popular non lle gustan os termos que definen a súa xestión, sobre todo en cuestións educativas ou sanitarias. As palabras desmantelamento, recortes ou reducir tratan de evitalas. Prefiren vivir no seu mundo paralelo e pensar que os movementos sociais, a cidadanía e a oposición son os que están errados. Quéixanse nas institucións que gobernan de que os demais son catastrofistas, pero a crúa realidade está aí: non se garante a calidade e equidade no ensino; diminúe a partida dedicada á atención á diversidade; faltan mestres de apoio; redúcense os dereitos laborais dos traballadores; hai masificación nas aulas; agrúpanse na mesma aula alumnos de diferentes idades e niveis; prodúcese unha mingua no número de docentes; decídese recortar 150 millóns de euros en educación neste ano; o repago nos comedores escolares está tendo un efecto devastador no peto das familias; e gástase máis en libros de texto. Así non se loita contra o fracaso e o abandono escolar (30%, presumen de que Galicia é unha das comunidades cunha menor taxa). Con este tipo de medidas só se contribuirá a aumentar o paro xuvenil (42 %). No PP teñen outra perspectiva da realidade educativa. Dándolle unha reviravolta ás cifras pódelles resultar sinxelo, maquillando os datos e manipulando as estatísticas estanlle facendo moito dano aos/ás galegos/as. O Partido Popular di que hai máis

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

unidades de infantil e primaria, máis docentes, que o agrupamento é unha práctica habitual (isto hai 40 anos si, hoxe non). Pero os seus datos son enganosos porque pecharon 15 escolas, se eliminaron 64 unidades de infantil e primaria e chegamos a tales extremos en que xa hai centros que están recomendando levar folios da casa ante a falta de material. Os magníficos xestores do PP están empeñados en transmitir unha imaxe enganosa da realidade. E mentres que non se incrementa persoal cando aumenta o número de alumnos, hai casos nos que se tentou unificar 2 aulas de infantil por un só cativo de menos. En suma, a lei do embude. Pero estes datos contrapóñense coa situación en continua melloría nos centros privados e concertados, onde se crean preto de medio cento de novas unidades e póñense en funcionamento 18 ciclos formativos. Esta é a magna xestión do conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, que en cuestión de incumprimentos é un mestre. E non só incumpre cos mínimos racionais na calidade educativa, senón que non acata decisións xudiciais e mesmo podería estar vulnerando unha lei orgánica. Hai que lembrar que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lle pediu á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que acredite que está cumprindo a sentenza na que se recoñece o dereito do profesorado galego a unha revisión médica anual (dereito recoñecido nunha lei orgánica de 1995 de prevención de riscos laborais). Tamén se está, presuntamente, incumprindo a Lei orgánica de educación no que se refire aos alumnos de transporte escolar, que estarían exentos de pagar o comedor. O Partido Socialista xa anunciou que recorrerá este incumprimento ante o Tribunal Constitucional. E outra perla do señor Jesús Vázquez é o incumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula os concertos dos colexios que segregan aos alumnos por sexos. En suma, un exemplo de político-xestor de diñeiro público que mentres tenta desmantelar o ensino no medio rural, subvenciona a colexios privados e concertados en detrimento dos centros que sostemos os cidadáns cos nosos impostos. Non poden nin queren esquecer casos como os dos colexios de Baltar ou Calvos, onde permanecen en cada centro 10 alumnos de todas as idades, nun claro exemplo de reagrupamento, e cun só mestre. Hai que ter os pés na terra e saber que se ese mestre, por calquera motivo, non pode acudir ao centro, os alumnos quedan sen cobertura educativa. E qué dicir se o docente está de baixa, que non sería cuberta ata pasados 15 días. E que veñan os xestores do PP a falar de calidade e equidade educativas é unha verdadeira tomadura de pelo. Non se pode negar o innegable porque é unha evidencia que no rural se están suprimindo unidades e prazas de mestres. Están destruindo e desmantelando o rural a pasos axigantados e o Partido Popular é o verdadeiro culpable do despoboamento.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que vai ser correcto e falar da moción, porque a exposición de motivos da Sra. Morenza, como sempre, é apocalíptica e a do BNG, tamén como sempre, alarmista e radical. Vaise referir á moción e non a toda a serie de datos que dá a Sra. Morenza, á que convida a que traia tamén solucións para poder facer ben todo o que di que fan mal. Pídelle que explique por qué o PP é o responsable do despoboamento do rural, xa que o Partido Socialista tamén gobernou, pero, ao parecer, non teñen ningunha responsabilidade. Só veñen aquí dicir o que se fai mal, pero os galegos e galegas non pensan o mesmo. Pídelle ao BNG que non diga que o PP ocupou a Xunta de Galicia, xa que iso non foi así. Se están gobernando na Xunta de Galicia é porque os galegos e galegas dixeron alto e claro que marchen os que están e que volvan os que estaban (non quere lembrar quen foron os *okupas*). En canto á supresión de unidades educativas e postos de traballo docentes, di que a modificación do catálogo de unidades e postos de traballo docentes para cada curso é unha práctica habitual desde hai anos como forma de optimización de recursos, primando a calidade educativa e cumprindo estritamente coa lexislación vixente neste ámbito. De feito, grazas a medidas como o agrupamento, moitos centros garanten a súa continuidade sen ter que adoptar medidas máis rigorosas. En todo caso, a Xunta garante que os colexios terán o profesorado e o número de unidades preciso para atender as súas necesidades específicas. A supresión de unidades lévase a cabo atendendo unicamente ao alumnado previsto para o curso seguinte, e polo tanto poden sufrir variacións ao longo do proceso de matriculación. Neste momento, a lexislación marca como criterio para que a administración elabore a modificación do catálogo de unidades educativas para o presente curso, que o número de alumnos/as sexa de cinco ou menos. Lembra que este número que se determina para pechar as escolas non variou nos últimos anos. Quere recalcar que este é un criterio que se está levando a cabo en Galicia desde hai anos, incluídos os que o bipartito estivo á fronte do goberno galego. En canto ás unidades concertadas en centros deste réxime en Galicia, cabe destacar que o período de maior incremento foi baixo o goberno bipartito, así no curso 2004/2005: 3.504; 2005/2006, 3.623; 2006/2007, 3.747; 2007/2008, 3.817; 2008/2009, 3.836; 2009/2010, 3.848. Neste curso 2013/2014 as unidades concertadas foron 3.832, menos que nos cursos 2008/2009 e 2009/2010. En canto ao profesorado, di que o avance dos datos no curso 2012/2013 publicados o día 10 de xullo polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, demostran as mentiras, totalmente interesadas, dalgúns sindicatos e partidos políticos, cando aludiron a cifras desorbitadas de redución de profesorados, nalgúns casos superiores aos 3.000 docentes. O sistema contou no curso 2012/2013 con 837 docentes menos que no curso 2008/2009, lonxe da

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

desorbitada e manipulada cifra de 3.000. Hai que ter en conta, á hora de valorar isto, que se volveu aos 25 períodos lectivos semanais dos profesores de infantil e primaria, estando antes en 21. Para rematar di que compre salientar que o incremento do alumnado na FP galega tivo resposta na contratación de máis de 200 docentes de Formación Profesional no curso 2012/2013, cumprindo así coas necesidades reais do noso sistema educativo en nun escenario económico tan adverso como o actual. Anuncia que o Grupo Popular, como é obvio, non pode apoiar a moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que radical ven do latín e significa ir ás raíces da cuestión, que é o que fai o BNG. En todo caso, á palabra agrupamento, que o Grupo Popular utiliza con tanta alegría, no argot da profesión atribúeselle o significado de pastoreo, porque é o único que pode facer un profesional nun agrupamento onde hai varias idades, pastorear, e todos saben ben o que é pastorear. Na nosa provincia, os datos son demoledores e elocuentes: curso 2009-2010: pechan 2 centros e 9 unidades, aproximadamente 16 postos de traballo; curso 2010-2011: pechan 9 unidades de primaria, destruíndo 22 postos de traballo; curso 2011-2012: pechan 18 unidades, supón 24 postos de traballo; curso 2012-2013: pechan 2 centros, suprimíense 40 aulas, supón eliminar 72 postos de traballo. Neste mesmo período incrementou o número de centros concertados, e as unidades destes. O ensino secundario sufriu tamén numerosos recortes na nosa provincia. Lembra que no pasado curso as reducións nos IES foron xeneralizadas, a Consellaría eliminou as ensinanzas da ESO e o Bacharelato no IES Portovello de Ourense, ao convertelo nun Centro Integrado de FP e trasladou a todas as alumnas e alumnos ao IES As Lagoas, e tamén fusionou nun centro o IES Abrente e o IES O Ribeiro, o que significou suprimir, en total, máis de 30 postos de traballo de profesores e profesoras de ensino secundario, ou a eliminación da ESO e o Bacharelato no IES A Carballeira, o que fixo que se trasladase todo o alumnado a outros centros da cidade, e que case 30 profesoras e profesores perdesen o seu posto de traballo. Para o curso 2013-2014, na educación infantil e primaria, ademais de que a Consellería está barallando a fusión dos colexios de Baltar, Calvos de Randín e Os Blancos, ou o traslado dos/das estudantes a Xinzo, van pechar as escolas de infantil de Éntoma e Dacón, e ademais van suprimir aulas no CEIP do Bolo, suprimíndose 3 postos de traballo; no CEIP de Cartelle suprimíense 2 postos de traballo; no CEIP de Celanova suprimíense un posto de traballo; no CEIP Inmaculada de Ourense, suprimíense 3 postos de traballo. Á vista dos datos, o único interese do PP non é outro que desmantelar o ensino público tal e como amosan no texto da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria. Esta Orde, que desenvolve o Decreto 254/2012 de admisión do alumnado nos centros de ensino, establece a posibilidade de adscribir ao alumnado a centros concertados de non haber praza en ningún dos centros solicitados previamente. Deste xeito ábrese unha nova vía para derivar ao alumnado a centros privados sostidos con fondos públicos, impídese a creación de novas unidades de escolarización en centros públicos e continúaase coa liña de desmantelamento do ensino público. Esta é a raíz, a postura radical do BNG: desmantelamento puro e duro do ensino público, cun afán mercantilista, porque o ensino non fai caixa á fin do curso, pero para o Partido Popular xa empeza a ter que facer caixa á fin do curso.

**D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, di que a súa intervención non foi apocalíptica. Os datos están aí e as realidades das políticas do PP as están a padecer todos os ourensáns. O Sr. Álvarez Dobaño pretende aparecer como un prestidixitador de palabras, de datos, de cifras, pero debería dar unha volta pola provincia e comprobar como están os colexios, moitos deles convertidos en tanatorios. En canto ás solucións das que falaba o portavoz do Grupo Popular, ponlle como exemplo que o Concello de Ourense ten que suplir á Xunta de Galicia dándolles axudas para libros a 800 nenos, porque a Xunta está a recortar por todos os lados. Pídelle que non lles dea leccións, porque as deputadas do Grupo Socialista teñen que aguantar pleno tras pleno, como lles pretende dar leccións de política. Pídelle tamén que se cinga ás declaracións contraditorias que estivo facendo durante o mes de agosto, que mesmo chegou a facer o ridículo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que cada un segue a falar do que quere. Dille á Sra. Morenza que el non é dono do que alguén pon na súa boca, e dálle a razón en canto ao ridículo se fora certo que el fixese esas declaracións, pero que el non as fixo. Se a Sra. Morenza toma aos medios de comunicación como ao Boletín Oficial do Estado é problema dela. En todo caso a el o xulgan e o catalogan os veciños e as veciñas de Muíños, que polo que se ve o xulgan bastante mellor. En canto a que ten que recorrer a provincia, di que, probablemente, el recorra máis a provincia que a Sra. Morenza. Sobre que non hai rapaces no rural di que ao mellor tiñan que practicar máis tanto el como a Sra. Morenza, e ter máis rapaces, cada un onde lle corresponda (refírese a que hai que procrear, porque non quere que o interpreten mal). Dille ao Sr. Rodríguez Puga que interpreta as palabras como quere e logo as utiliza como quere tamén, e agradece a lección de profesor, aínda que todos entenden o que significa radical. En canto ao que dixo dos concellos de Baltar e de Calvos, di que parece que a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

moción se fixo a destempo, posto que en ningún dos dous concellos se pechou o colexio. Pregúntalle se estiveron ou non a favor das escolas unitarias, onde había alumnos de distintas idades, porque igual lles hai que refrescar a memoria. Non lles gustan os datos que dá, pero algún é escravo do que di, non do que poñen na súa boca. Vai dar uns datos en canto ás escolas unitarias pechadas desde o ano 2006, porque se fala moito de memoria histórica pero só para o que se quere. En 2006, co goberno bipartito, pecháronse 28 centros; en 2007, goberno bipartito, pecháronse 25 centros; en 2008, goberno bipartito, pecháronse 18 centros; no ano 2009, 23; no ano 2010, 18; no ano 2011, 14 e no ano 2012, 12 centros pechados (un deles o de Negueira de Muñiz que xa estaba pechado desde a metade do curso por falta de alumnos). En 2013 tan só se pecharon 15 das 22 inicialmente propostas. Desta forma, a Xunta de Galicia aplica en tempos de crise requisitos menos esixentes que os do bipartito, xa que chegou a pechar escolas con 9 alumnos en tempos de bonanza. De feito, no período do goberno bipartito, cunha boa situación económica e un índice de natalidade máis alto, chegaron a pechar máis escolas unitarias que co actual goberno popular (incluso 28 no ano 2006 como xa dixo). Hai que sinalar que a caída da natalidade (que era ao que se refería na súa expresión anterior) nos últimos anos en Galicia está a redundar nunha menor entrada de rapaces no sistema educativo cada ano. Non en balde, desde o ano 2008 (ano ata o que os nacementos se foron incrementando) o número de nados foi diminuindo, desde os 23.175 dese 2008 ata os 22.047 de 2010, que son os nenos que este ano empezan o colexio en 4º de infantil.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que el ven a este Pleno como portavoz do BNG e a defender o seu posicionamento, non ven como profesor, xa que se viñera como tal algún deputado do Grupo Popular ía alucinar. A política educativa do Partido Popular está clara: en primeiro lugar, precarizar o máis posible o ensino público e degradalo, privando aos centros públicos dos recursos humanos e materiais necesarios para que todo o alumnado reciba unha formación de calidade, mentres por outra banda se fortalece o ensino privado concertado a través da blindaxe de concertos económicos que mesmo segregan por razón de sexo e que tanto a Xunta de Galicia como o Goberno Español, teiman en renovar e ampliar malia as sentenzas xudiciais que os declaran contrarios a dereito. Fomento do clasismo por parte do Partido Popular, isto é o constatado e non o inventado polo BNG, que tampouco ven aquí non ningunha ocorrencia. Unha política pensada en clave mercantil, que traslada o sistema empresarial aos centros e que non é nin máis nin menos que o tiro de graza ao xa extremadamente castigado medio rural galego e ourensán (ese ao que o Sr. presidente se lle enche a boca nomeando no Plan Ourense 92). Alá o Grupo Popular da Deputación se quere ser

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

cómplice con esta política degradadora do ensino público, na que prima o pastoreo do alumnado por enriba dunha formación de calidade na liña que está a seguir a Xunta de Galicia, auditada do Goberno Central, que tanto a uns como aos outros lles trae sen coidado a nosa realidade, o noso modo de vida e as nosas nenas e nenos. A maior parte dos deputados do Grupo Popular son alcaldes do rural e é unha pena que non vexan o que está pasando. Pide que vaian ás portas dos colexios e que se informen da opinión dos pais, que en moitos casos non poden pagar nin os libros nin os comedores. Como experiencia persoal comenta que a semana pasada empezou o curso, e que se viron e desexaron para poder pagarlles os libros a uns nenos de 3º da ESO que non os podían pagar. Esta é a política do Partido Popular que se defende aquí a boca chea.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

#### **4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A DECLARACIÓN DA RIBEIRA SACRA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño, para que defenda o contido da moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dá lectura á moción, co seguinte contido: *A “Convención sobre a protección do patrimonio mundial cultural e natural” adoptouse pola Conferencia Xeral da UNESCO na súa XVII reunión celebrada en París o 16 de novembro de 1972. O Programa Patrimonio da Humanidade ten como obxectivo catalogar, preservar e dar a coñecer sitios de importancia cultural ou natural excepcional para a herdanza común da humanidade. Cada sitio Patrimonio da Humanidade pertence ao país no que se localiza, pero considérase en interese da comunidade internacional e debe ser preservado para futuras xeracións. A protección e a conservación destes sitios son unha preocupación dos 189 países que teñen ratificado a convención. Dentro da nosa provincia, compartida xeograficamente coa de Lugo, existe un espazo coñecido como “Ribeira Sacra” con méritos dabondo para ser incluído na lista do Programa Patrimonio da Humanidade, tralos trámites e traballos correspondentes. Un espazo cunhas características singulares e que o fan único tendo en conta factores morfolóxicos, climáticos, paisaxísticos, históricos, turísticos, artísticos e económicos. A Ribeira Sacra conta con tesouros de gran valor, que aínda son máis grandes ao apareceren vinculados conformando un conxunto excepcional. A súa natureza, o seu patrimonio monumental ou os socalcos que seguen facendo posible o*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

*cultivo básico da zona: o viño. A declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da Humanidade levará consigo importantes consecuencias positivas, apreciábeis tanto dende o punto de vista da conservación dos seus valores xeográficos e históricos como a elevación da calidade de vida da súa poboación tendo en conta a dinamización e o respaldo socioeconómico que xera esa distinción. A Deputación de Ourense, con este pronunciamento, pretende activar un procedemento que conclúa coa declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, poñéndose a disposición e requirindo a máxima implicación dos concellos que forman parte deste espazo, da Deputación de Lugo e dos gobernos autonómico e estatal. En virtude do exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo: 1-Impulsar a candidatura da Ribeira Sacra para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade. 2-Dirixirse ao Goberno Autonómico para poñer en marcha o procedemento correspondente para a formalización de dita candidatura e requirir a súa necesaria colaboración. 3-Instar ao Goberno de España para que, elaborada a candidatura, promova a dita declaración diante do Comité do Patrimonio da Humanidade da UNESCO. 4-Remitirlles aos concellos que forman parte do territorio obxecto da declaración e á Deputación provincial de Lugo este acordo para que se sumen a esta iniciativa.“.*

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, dille ao Sr. presidente que existen varias formas de facer as cousas: ben, mal ou regular. O Sr. presidente fai moi ben o de sacar a foto, pero indo ao cerne da cuestión, con este iniciativa estase a empezar a casa polo tellado. A todo o país aféctalle esta declaración, pero concretamente lles afecta aos cidadáns dos concellos que forman parte deste territorio, pero non se contou con eles. O único que se pretende é competir coa Deputación de Lugo para ver quen é o que impulsa primeiro. O seu grupo cre que é preciso empezar as cousas desde abaixo e tratar de que sexa a cidadanía e os sectores implicados quen apoie este tema para poder chegar ao porto que todos queremos. Píden que, conxuntamente coa Deputación de Lugo, en representación dos concellos afectados, inicien este procedemento. Quere lembrar unha dobre moral á que os ten acostumados o Grupo Popular, e pregunta se ese río Sil da Ribeira Sacra é o mesmo ao que levan anos permitindo que espolien as grandes empresas do sector eléctrico, e se é o mesmo ao que lle seguen dando concesións para que sigan furando e esnaquizando o noso patrimonio natural, debilitando a paisaxe e a natureza. Píde que, se se quere defender o que se defende nesta moción, á que van apoiar, se deixen de sacar fotos e que defendan o territorio como o hai que defender.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, manifesta que fai súas as reflexións do Sr. Iglesias Pérez do BNG. O día de hoxe, 27 de setembro, ven moi a conto esta moción, porque é o día mundial do Turismo, e para este ano o lema elixido é Turismo e auga, protexer o noso futuro común, un lema que vai en sintonía co ano internacional da cooperación na esfera da auga de 2013, porque representa unha oportunidade única para sensibilizar sobre o papel do turismo no acceso á auga e cobra moito sentido nesta cidade na que estamos, a cidade de Ourense, a cidade das augas. Anuncia que o Grupo Socialista vai apoiar a moción que a comparte e que a fan súa, pero teme que o Sr. presidente non comezou ben. Saben que hai oito concellos da provincia de Ourense que están na Ribeira Sacra que se reuniron co Sr. presidente pero este non lles trasladou o motivo da reunión, senón que, posteriormente, dá unha rolda de prensa onde anuncia que pretende a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Se intentaba o consenso, empezou mal, porque o que pretende é facer a foto, capitanear o proxecto (na Deputación de Lugo hai uns días que tiveron a ocasión de aprobar esta mesma moción). O Grupo Socialista reprochalle isto, porque este é proxecto de todos. Presentámonos ao mundo e botamos man del para que nos quiten as castañas do lume. Dos oito concellos que están na Ribeira Sacra, seis están gobernados polo Partido Popular. Lembra que unha vez rematada a temporada estival houbo moitos incendios. Pregúntase quen son os responsables dos incendios que asolan a provincia. Para o seu grupo o responsable é o presidente da Xunta de Galicia, que este verán sacou a manguera e lle botou a culpa a uns extraterrestres que se chaman incendiarios e que precisamente viven aquí. Non quere facer un chiste fácil, porque hai uns días que escoitaron que os chistes e a política non se levan ben (ídea que comparte porque a xente decente non pode facer chistes na política). Esta Ribeira Sacra cada vez está máis internacionalizada, porque os seus cidadáns teñen que emigrar xa que o Partido Popular está a desmantelar o mundo do rural, non obstante aquí ven xente de Europa a comprar os nosos pobos, a rehabilitar as casas, estámoslles a ofrecer todo o que temos, e estanse a converter nos valedores do noso patrimonio, mentres nós estamos a facer deixamento de funcións. Con isto quere dicir que aínda estamos a tempo de poñer os medios para facer que a Ribeira Sacra sexa un foco de atracción turística e poder desenvolve-la economicamente para que poida xerar emprego. Algo tan excepcional require un esforzo de todos, non só do Sr. presidente, e para logralo é preciso esforzarse e recuperar todo o tempo perdido, todo aquilo que se leva facendo mal hai anos. Recuperar o ámbito natural, esa paisaxe marabillosa de bosques, de castiñeiros, tan singular, e os espazos abertos cara ao río Sil. Debemos coidalo con mimo, e que sexa recorrido pola nosa cidadanía e tamén polos nosos visitantes, para que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

poidamos gozar dun lugar único, ben dotado de servizos turísticos e de ocio. Non se debe facer o que fai o Grupo Popular, poñer o carro antes que os bois, establecendo unha ruta fluvial con catamaráns pero carencias (lembra como a xente tiña que buscar un lugar para poder aliviarse porque non había servizos hixiénicos). Non se cansará de repetir que este é o noso I+D+I, a nosa riqueza natural e paisaxística e por suposto o noso capital humano. Pide que se mire cara ao futuro.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, alégrase moito de que o Sr. Rodríguez Puga sexa tan bo profesor como di que é e espera que os seus alumnos o teñan nesa estima, e tamén espera que algún día lles poida ensinar o que vale un peite. Manifesta que isto é como sempre, pau se remas e pau se non remas. Se o Sr. presidente non tivese esta iniciativa seguramente que lla botarían en falta porque a tivera primeiro a Deputación de Lugo, ao lado, ou despois. A iniciativa foi do presidente da Deputación de Ourense, pero por razóns de calendario de órganos colexiados presentouse primeiro en Lugo. En todo caso, o BNG de Lugo apoiou a iniciativa e está de acordo con ela. Espera que o BNG sexa un, e non un en cada sitio.

Intervén o **Sr. presidente**, para dicir que aquí non se empezou a casa polo tellado, as cousas empézanse desde abaixo, e desde abaixo é cando a cidadanía vota aos seus representantes. Estes representantes levan ideas ás institucións e estas apróbanse ou rexéitanse. Esta iniciativa nace despois dunha reunión cos representantes dos oito concellos ourensáns da Ribeira Sacra, e precisamente os dous alcaldes socialistas foron os primeiros en aprobar o texto da moción que se vai aprobar hoxe (algún deles na mesma mañá da comisión informativa na que se presentou e o Partido Socialista reservou o voto). Falou co presidente da Deputación de Lugo e tamén se aprobou alí a parte dispositiva do acordo, porque lla remitiu e van todos da man desde o primeiro momento. Terá lugar unha primeira reunión o día 7 de outubro e espera que vaia todo ben como o indica a unanimidade xa obtida na Deputación de Lugo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Impulsar a candidatura da Ribeira Sacra para a súa declaración como patrimonio da humanidade.
- 2º.- Dirixirse ao Goberno Autonómico para poñer en marcha o procedemento correspondente para a formalización da dita candidatura e requirir a súa necesaria colaboración.
- 3º.- Instar ao Goberno de España para que, unha vez elaborada a candidatura, promova a dita declaración diante do Comité do Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

4º- Remitir-lles aos concellos que forman parte do territorio obxecto da declaración e á Deputación Provincial de Lugo este acordo para que se sumen a esta iniciativa.

**5º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deporte.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, adianta que se van abster neste punto. Manifesta que é evidente que a ordenanza pretende por racionalidade no que ata o de agora veu sendo a política de publicacións desta Deputación, onde non existía ningún criterio máis aló do da afinidade persoal ou da teimosía do artista de quenda, pero entenden que isto hai que enmarcalo máis aló desta cuestión. O BNG ven defendendo desde sempre a necesidade de eliminar algúns dos servizos cos que conta esta Deputación, dado que o obxecto da súa existencia puido estar xustificado nalgún momento, pero hoxe son absolutamente prescindibles. Entre eses servizos está, sen dúbida, o servizo de Imprenta, cun orzamento de 526.000 €. Por outra banda, cren que a Deputación, de colaborar na difusión das distintas publicacións, debería de facelo atendendo a un criterio de potenciación, preservación e fomento da lingua propia, é dicir, colaborando na publicación de libros escritos en galego. Non parece, á vista do artigo 4 da ordenanza, que ese sexa o criterio desta Institución, por máis que intente dulcificalo, porque sempre dependería da cuestión orzamentaria. En todo caso, cren que hai unha certa discriminación cara á lingua propia, porque o fin primordial e último desta Deputación debería ser a promoción da lingua galega.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que no nome do seu grupo queren agradecerlle o traballo que tivo o Sr. secretario xeral para redactar esta ordenanza. Non lles consta que haxa un texto similar en ningunha entidade local de Galicia, e incluso do Estado Español. Este traballo está na liña que impulsou o Sr. presidente, como as ordenanzas aprobadas anteriormente (Escola de Gaitas, Escola de Danza ...). Adianta que a intención da Presidencia, en breve, é traer ao pleno a ordenanza que regule o Teatro Principal e o Centro Cultural. Engade que esta ordenanza pretende recoller os obxectivos e principios xerais do Servizo de Publicacións; regular a planificación das publicacións e os procedementos de selección ou encargo de obras; regula o Consello Asesor de Publicacións, órgano asesor da Deputación para a ordenación e xestión do servizo, a través do que se garante a participación na toma de decisións das principais institucións culturais galegas (a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega), así como a Universidade de Vigo a través do Campus de Ourense;

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

e por último, regula tamén o réxime de distribución de obras editadas pola Deputación, recollendo a regulación dos prezos públicos que xa contiña a anterior ordenanza e que se mantén como ata agora, con pequenos axustes de carácter técnico na súa redacción.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que se alguén ten claro o que di o artigo cinco do Estatuto, que a lingua propia de Galicia é o galego, é esta Deputación, e está convenientemente protexida nesta ordenanza, que se exporá ao público para que se poidan facer as alegacións ou achegas que se consideren oportunas.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo de Publicacións, co seguinte contido:

#### **Título I: Normas xerais**

##### **Artigo 1.- Obxecto.**

Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo de publicacións da Deputación Provincial de Ourense.

##### **Artigo 2.- Concepto e obxectivos do servizo de publicacións da Deputación Provincial de Ourense.**

1. O servizo de publicacións da Deputación Provincial de Ourense constitúe un servizo público supramunicipal de titularidade provincial, creado ao abeiro do disposto nos artigos 4.2 da Carta Europea de Autonomía Local, 36.1.c) da Lei de bases do réxime local e 118.d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. Constitúe o obxecto do servizo de publicacións a edición, publicación e distribución, en calquera formato ou soporte, de obras científicas, artísticas, literarias ou musicais de autores ourensáns ou que teñan por obxecto principal o estudo ou divulgación da realidade de Ourense, entendida nun senso amplo que abrangue o patrimonio natural e cultural e a realidade social, histórica e contemporánea, en calquera eido da actividade humana. O servizo abranguerá a edición, publicación e distribución de libros e publicacións seriadas, así como a de gravacións musicais ou audiovisuais.

Para os efectos previstos nesta ordenanza, consideraranse autores ourensáns as persoas físicas nadas na provincia de Ourense ou residentes nela, neste último caso cunha residencia mínima ininterrompida de dous anos previos á data de solicitude de publicación da súa obra.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Igualmente, terán a consideración de autores ourensáns as persoas xurídicas domiciliadas na provincia de Ourense que sexan titulares de dereitos de autor sobre obras colectivas conforme co disposto na lexislación de propiedade intelectual.

O Servizo de Publicacións non comprenderá a publicación de folletos informativos, carteis, programas de actividades e demais documentos de natureza publicitaria. Non obstante o anterior, a exclusión dos ditos documentos do ámbito do Servizo de Publicacións o será sen prexuízo da obrigaón da constitución do seu depósito legal cando sexa esixible, ou da súa inclusión na base de datos de publicacións para os efectos arquivísticos.

3. O servizo poderá prestarse mediante a edición por conta exclusiva da Deputación ou mediante coedición en concorrencia con entidades sen ánimo de lucro. As condicións de coedición de obras estableceranse mediante convenio ou contrato coa entidade colaboradora interesada, e garantirán en todo caso o cumprimento das finalidades do servizo e o respecto ás normas establecidas na presente ordenanza.

4. Queda excluído do ámbito da presente ordenanza o servizo do Boletín Oficial da Provincia, que se rexe pola súa normativa específica.

### **Artigo 3.- Principios xerais de ordenación do servizo**

1. A xestión do servizo de publicacións rexerase polos principios de igualdade, libre concorrencia e non discriminación, de publicidade e transparencia, de programación e eficacia, e de neutralidade.

2. En virtude do principio de igualdade, libre concorrencia e non discriminación, o servizo de publicacións seleccionará ordinariamente as obras obxecto de edición mediante procedementos abertos a todos os autores ourensáns e a todos os autores de obras que teñan por obxecto principal a realidade ourensá. Do mesmo xeito, no suposto de encargo de obras a Deputación seleccionará aos que se lles encomendará o encargo mediante procedementos de concorrencia competitiva, e en todo caso de acordo co establecido na lexislación sobre contratos do sector público.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo da vixencia xeral do dito principio, a Deputación poderá excepcionalmente acordar de xeito directo a edición de obras determinadas nos supostos de premios literarios, científicos ou artísticos outorgados pola propia Deputación ou por entidades locais da provincia, obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou obras que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, así como na edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial, e nos supostos de coedicións de obras

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

cofinanciadas con entidades sen ánimo de lucro, conforme co previsto no artigo 7 da presente ordenanza.

3. En virtude do principio de publicidade e transparencia, a Deputación fará públicos, mediante os correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na súa sede electrónica, os seus plans de publicacións, as convocatorias para a selección de obras e a relación de obras e autores obxecto de edición, nos termos previstos na presente ordenanza.

4. En virtude do principio de programación e eficacia, as publicacións que leve a cabo a Deputación Provincial axustaranse ao disposto no plan anual de publicacións, no que se establecerán os criterios xerais para a selección e edición, a previsión de edicións ou liñas de publicacións concretas e o seu custo estimado, procurándose en todo momento a optimización dos recursos orzamentarios destinados a este fin.

5. En virtude do principio de neutralidade, a Deputación Provincial respectará absolutamente a liberdade de expresión e difusión de pensamentos, ideas e opinións dos seus autores nas obras obxecto de edición, sen outros límites que os establecidos no ordenamento xurídico para este dereito fundamental. Os criterios de selección de obras para súa edición non poderán afectar ou condicionar de ningún xeito este dereito, debendo cingirse á calidade científica, técnica, literaria ou artística das obras, avaliada dun xeito obxectivo e motivado.

#### **Artigo 4.- Lingua das publicacións**

As edicións promovidas pola Deputación Provincial realizaranse ordinariamente en galego ou castelán, respectando a lingua elixida polo autor.

Non obstante o anterior, no caso de obras editadas en lingua castelá, a Deputación poderá realizar ademais, en todo caso, unha edición en lingua galega, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

No caso de obras editadas en lingua galega, a Deputación poderá realizar unha edición en lingua castelá ou noutras linguas, sempre que se xustifique o seu interese, en particular, para a difusión da realidade ourensá fóra de Galicia.

Para a efectividade do establecido nos dous parágrafos anteriores, os autores, no contrato de edición, deberán autorizar sempre o dereito da Deputación a traducir a obra e realizar unha edición noutras linguas diferentes á orixinal.

#### **Artigo 5.- Condicións xerais de edición das obras.**

1. Os contratos de edición ou encargo de obras suxeitaranse ás condicións que estableza o plan de publicación vixente en cada momento, e en todo caso, ás seguintes:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

a) Os contratos deberán estipular, cando menos, a cesión á Deputación dos dereitos para unha edición da obra, así como para a súa tradución a calquera lingua e a realización da edición correspondente. A cesión non terá carácter exclusivo, agás nos casos de retribución mediante dereito á percepción dunha porcentaxe sobre as vendas.

b) A retribución do autor consistirá na entrega dunha porcentaxe de ata o 10 % dos exemplares editados. Non obstante, poderá retribuírse aos autores mediante o recoñecemento do dereito a percibir unha porcentaxe sobre as vendas, unha vez cubertos os gastos da edición e distribución. Nestes casos, os dereitos de edición concedidos á Deputación deberán ter carácter exclusivo, por un período mínimo de cinco anos.

No suposto de edicións que correspondan a obras encargadas pola propia Deputación non reixerá o disposto no parágrafo anterior. Nestes supostos, a retribución dos autores fixarase de xeito discrecional e motivado en cada caso, e sempre de conformidade co establecido na lexislación de contratos do sector público.

c) As obras orixinais de autores ourensáns poderán ser editadas calquera que sexa a súa temática ou contido. As obras de autores non ourensáns deberán ter por obxecto principal o estudo ou divulgación da realidade de Ourense, conforme co disposto no artigo 2 da presente Ordenanza.

d) A edición axustarase ao deseño establecido pola Xunta de Goberno a proposta do Consello Asesor de Publicacións, e nela figurará o logotipo identificativo da Deputación de Ourense.

e) Os autores deberán responder da orixinalidade da obra e da dispoñibilidade dos seus dereitos de explotación, asumindo en todo caso a responsabilidade fronte á Deputación polo cumprimento do establecido na lexislación sobre propiedade intelectual.

2. Nos supostos de coedición, estas condicións xerais serán aplicables á relación contractual entre o autor e a Deputación de Ourense. O autor e o coeditor poderán estipular libremente os pactos que consideren convenientes, con respecto á porcentaxe da coedición que lle corresponda ao coeditor. Estes pactos en ningún caso serán oponibles fronte á Deputación Provincial.

## **Título II: Da planificación e procedemento de selección das publicacións**

### **Artigo 6.- Do plan de publicacións.**

1. A Xunta de Goberno, tras o informe previo do Consello Asesor de Publicacións, aprobará anualmente o seu plan de publicacións, co contido mínimo seguinte:

- Criterios xerais para a selección e edición de obras ao longo do exercicio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

- Criterios para a realización de obras en réxime de coedición.
- Previsión de edicións ou liñas de publicacións concretas.
- Convocatorias de selección ou encargo de obras previstas, establecendo prazos orientativos de convocatoria. En todo caso, o plan reservará todos os anos unha liña aberta á publicación de obras de autores ourensáns de temática libre.
- Custo estimado das accións previstas, procurándose en todo momento a optimización dos recursos orzamentarios destinados para este fin.

2. O plan anual de publicacións deberá ser aprobado no prazo máximo dun mes dende a aprobación definitiva dos orzamentos xerais da Deputación Provincial, e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación.

3. Todas as edicións que leve a cabo a Deputación ao longo do exercicio, incluídas as publicacións periódicas, gravacións musicais e producións audiovisuais, deberán suxeitarse ás previsións do plan anual de publicacións.

**Artigo 7.- Do procedemento de selección ou encargo de obras.**

1. O servizo de publicacións poderá tanto editar obras preexistentes como obras encargadas pola propia Deputación Provincial.

2. A selección de obras susceptibles de edición realizarase mediante convocatoria pública, con respecto aos principios de igualdade, libre concorrencia e non discriminación, e de conformidade coas previsións do plan anual de publicacións. As bases das convocatorias serán aprobadas pola Xunta de Goberno, tralo informe previo do Consello Asesor de Publicacións, e nelas estableceranse os prazos e requisitos concretos de presentación de orixinais e os criterios para a súa selección, que se realizará pola Presidencia, mediante resolución motivada, baseada en criterios de calidade das obras, oído o Consello Asesor.

As obras seleccionadas serán editadas pola Deputación Provincial, tras a subscripción previa do contrato de edición co autor, no propio exercicio orzamentario da convocatoria. Non obstante o anterior, cando as dispoñibilidades orzamentarias non permitan a edición de obras presentadas que pola súa calidade e interese o merezan, a súa edición poderá adiarse a exercicios posteriores, tras a súa inclusión previa no correspondente plan anual de publicacións.

3. Non obstante o anterior, poderá prescindirse do procedemento de concorrencia pública nos seguintes supostos:

- a) Reedición de obras anteriormente editadas pola Deputación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

b) Edición de obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou obras que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, en particular edicións de carácter conmemorativo, facsimilares ou edicións críticas.

c) Edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial.

d) Edición de obras que foron obxecto de premios outorgados pola Deputación Provincial ou por entidades locais da provincia de Ourense.

4. Nos supostos en que a Deputación encargue obras cunhas características determinadas para a súa edición, a selección dos seus autores realizarase mediante convocatoria pública, de acordo cos principios de mérito e capacidade e en todo caso con suxeición ao establecido na lexislación de contratos do sector público que resulte de aplicación.

5. Nos supostos de publicacións periódicas promovidas pola propia Deputación, o plan anual de publicacións establecerá as previsións oportunas en canto á súa periodicidade, tirada e características. A selección de traballos de colaboración nesas publicacións realizarase conforme co establecido na lexislación de contratos do sector público, retribuíndose conforme ás previsións do plan anual.

6. Nos supostos de coedición, as entidades sen ánimo de lucro interesadas en coeditar unha obra conxuntamente coa Deputación deberán solicitalo no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, describindo a obra, as características da edición proxectada e a porcentaxe de cofinanciamento que achegarán. As solicitudes formuladas no primeiro cuadrimestre de cada exercicio serán estudadas polo Consello Asesor de Publicacións, que propondrá a subscripción dos convenios ou contratos correspondentes cos promotores da edición.

### **Título III. Do Consello Asesor de Publicacións.**

#### **Artigo 8.- Do Consello Asesor de Publicacións. Funcións.**

Créase o Consello Asesor de Publicacións, como órgano asesor da Deputación Provincial na xestión do servizo de publicacións, coas seguintes funcións:

a) Informar preceptivamente os plans anuais de publicacións.

b) Informar preceptivamente as bases das convocatorias de procedementos para a selección ou encargo de obras.

c) Informar preceptivamente os procedementos de selección ou encargo de obras.

d) Informar as solicitudes de coedición de obras formuladas por entidades sen ánimo de lucro, e propoñer a súa realización.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

e) Ser informada da xestión do servizo, e propoñer as melloras ou modificacións que considere oportunas na súa ordenación e xestión.

f) Propoñer as normas de deseño das publicacións da Deputación.

#### **Artigo 9.- Composición do Consello.**

O Consello Asesor estará integrado polos seguintes membros:

a) O presidente da Deputación, ao que lle corresponde a presidencia do Consello, ou deputado no que delegue.

b) O deputado delegado con atribucións en materia de cultura.

c) Un representante da Real Academia Galega.

d) Un representante do Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

e) Un representante do Centro Asociado da UNED de Ourense.

f) Un representante do Consello da Cultura Galega.

g) Tres vogais designados pola Presidencia de entre persoas de recoñecido prestixio vinculadas co mundo da cultural ourensá.

h) O xefe da unidade administrativa xestora do servizo de publicacións, con voz pero sen voto.

A secretaría do Consello corresponderalle ao secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa, con voz e sen voto e coas funcións propias dun secretario de actas.

A Presidencia do Consello poderá acordar a presenza de técnicos especializados cando a índole dos asuntos a tratar así o aconselle, así como a solicitude de informes que se consideren necesarios para unha mellor realización das funcións do Consello.

#### **Artigo 10.- Réxime de funcionamento.**

No non establecido nesta ordenanza, o Consello Asesor de Publicacións rexerese polas normas de órganos colexiados administrativos establecidas no Capítulo II do Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O Consello Asesor poderá ademais establecer as súas propias normas de funcionamento, que prevalecerán respecto das normas da devandita lei que non teñan carácter básico.

#### **Título IV. Comercialización e distribución. Prezos públicos.**

##### **Artigo 11.- Comercialización e distribución de publicacións.**

1. As edicións realizadas pola Deputación terán ordinariamente carácter venal. Non obstante, o plan anual de publicacións poderá prever a realización de edicións de carácter non venal, en supostos nos que concorran razóns de especial interese cultural, social ou académico

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

das obras de que se trate, así como no suposto de obras editadas para ser obxecto de obsequio institucional.

Sen prexuízo do anterior, reservarase unha porcentaxe de exemplares de cada edición venal para a súa distribución gratuíta a bibliotecas, centros docentes e institucións de carácter cultural, científico ou técnico.

2. Corresponderalle á Deputación a comercialización e distribución das obras editadas, podendo realizar esta de xeito directo ou a través dunha empresa distribuidora contratada para o efecto.

3. No suposto de obras publicadas en réxime de coedición, corresponderalle á Deputación a distribución da porcentaxe de exemplares que lle correspondan no correspondente acordo de coedición.

**Artigo 12.- Prezos de venda das publicacións.**

Os prezos públicos establecidos conforme coa presente ordenanza aplicaráselle á venda das publicacións editadas e distribuídas pola Deputación Provincial, tanto no caso de que a súa distribución se realice directamente pola Deputación como cando se realice a través de contratos con empresas distribuidoras, tendo en todos os supostos o carácter de prezo de venda ao público.

En todo caso, os prezos regulados na presente ordenanza non inclúen o imposto sobre o valor engadido, que se aplicará conforme coa normativa tributaria vixente en cada momento.

**Artigo 13.- Competencia para a fixación dos prezos.-**

1. A competencia para a fixación dos prezos públicos correspóndelle ao Pleno da Deputación.

2. Non obstante o anterior, o Pleno poderá delegar o exercicio desta competencia na Xunta de Goberno, que de ser o caso fixará os prezos públicos concretos tras o ditame previo da comisión informativa competente en materia de cultura, con suxeición aos criterios recollidos no artigo 14.

3. A delegación poderá ser revogada polo Pleno en calquera momento, ou sometida ás limitacións ou controis adicionais que se consideren necesarios para garantir un correcto exercicio da competencia plenaria.

4. A delegación do exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos abranguerá a facultade de establecer prezos bonificados nos supostos a que se refire o artigo 14.

**Artigo 14.- Criterios para a fixación dos prezos públicos.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

1. Como regra xeral, os prezos públicos que se establezan deberán cubrir como mínimo o custo real e efectivo da edición e distribución da obra, conforme co establecido no artigo 44.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para garantir o cumprimento desta norma, no expediente de fixación de prezos deberá figurar un informe económico expresivo do custo dos servizos de que se trate.

2. Non obstante o anterior, poderán establecerse prezos bonificados, por debaixo do custo do servizo, nos seguintes supostos:

a) Edicións cuxa difusión entre o público se considere de especial interese social ou cultural.

b) Existencia de restos non vendidos de edicións realizadas en exercicios anteriores que se considere necesario ou conveniente liquidar.

Os prezos bonificados poderán reducirse como máximo ata o 50 % do custo real e efectivo de edición e distribución.

3. Os prezos públicos establecidos conforme coa presente ordenanza, cando teñan por obxecto libros, terán carácter de prezos fixos de venda ao público, conforme co establecido no artigo 9 da Lei 10/2007 do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, e sen prexuízo das excepcións e exclusións do réxime de prezos fixos establecidas na devandita lei.

4. Para os supostos de publicacións realizadas directamente pola Imprenta Provincial, establécense os seguintes prezos en función do tamaño e número de páxinas:

Libros de 21 x 13,5 cm con menos de 150 páxinas: 10 €

Libros de 21 x 13,5 cm con máis de 150 páxinas: 12 €

Libros de 22,5 x 16 cm con menos de 150 páxinas: 12 €

Libros de 22,5 x 16 cm con máis de 150 páxinas: 15 €

Libros de 30 x 21 cm con menos de 150 páxinas: 18 €

Libros especiais con características diferentes dos anteriores: fixaranse caso por caso, de xeito proporcional ós prezos de referencia establecidos neste apartado.

5. Os acordos de fixación de prezos públicos poderán establecer mecanismos de actualización anual automáticos dos ditos prezos, por aplicación de índices oficiais de evolución de prezos.

**Artigo 15.- Obrigados ao pagamento.**

Terán a consideración de obrigadas ao pagamento as persoas que adquiran as obras editadas pola Deputación Provincial de Ourense.

**Disposición derogatoria**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Queda derogada a Ordenanza reguladora dos prezos públicos das publicacións editadas pola Deputación de Ourense, aprobada por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 22 de xaneiro de 2011.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

2º) Someter este acordo a información pública por período de trinta días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial de Provincia, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións que, se é o caso, serán resoltas polo Pleno. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo.

### **6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS E SUBVENCÍONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, antes de entrar no debate da moción quere dicir que xa saben que para o Grupo Popular o presidente desta Deputación é o mellor e eles non van dicir o contrario, pero cando se fala das cousas que se fan tamén hai que dicir que se a Real Banda de Gaitas ten hoxe unha ordenanza é por iniciativa do Grupo Socialista. Hai que lembrar que os grupos da oposición contribúen para que esta institución sexa o máis moderna posible. Con respecto á moción, di que con ela quería abrir un debate na institución para que a Deputación se achegase á cidadanía e aos movementos sociais, para participar na toma de decisións nas cuestións que lles afectan, que sempre se fan ao abeiro do diñeiro que os cidadáns poñen enriba da mesa a través dos impostos, para que eses impostos sexan redistribuídos do mellor xeito posible. Pero aquí iso non ocorre, a redistribución dese diñeiro é proporcional a quen se senta na bancada do Grupo Popular. Se os cidadáns teñen a vantaxe ou a sorte de estar representados polos alcaldes que representan ao Partido Popular nesta institución, teñen a posibilidade de ter unha pouca mellor calidade de vida, aínda que moitas das subvencións que se dan nesta casa non teñen nada que ver con ampliar a calidade de vida. Esta moción presentouse para o Pleno do mes de xullo, aínda que todos sabemos por qué non se debateu, desgraciadamente, e o Grupo Popular responde cunha modificación

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

orxamentaria que non ten nada que ver co espírito da moción, que traen pola porta de atrás e nin sequera se informa aos grupos, porque se lle dá antes á prensa que aos propios grupos da oposición, e despois din que a transparencia é total. O vicepresidente da Deputación pide cousas similares ao que se pide nesta moción noutras institucións (orxamentos participativos, que non haxa máis subvencións nominativas salvo as que sexan estritamente necesarias ...) dándolles un repaso tremendo aos que gobernan alí, e esa mesma persoa, que é o vicepresidente económico da Deputación, xunto co resto do Grupo Popular, traen esta modificación orxamentaria cunha cantidade ridícula de cento e pico mil euros, cando xa neste orxamento se aplicaron máis modificacións, que non ten nada que ver co que predica noutras institucións, co que a súa credibilidade queda en cero. Ao abeiro de que a cidadanía (como di o Sr. Álvarez Dobaño) lles dá o poder, fan o queren con esa cidadanía e coa que non lles dá o poder tamén. O Grupo Socialista ten que traer mocións construtivas a este Pleno, aínda que saiban que lles dirán que as cousas construtivas que se traen as venden mal nos medios, pero a realidade é que fan todo o contrario ao que predicán noutras institucións. O Grupo Socialista pide que cando menos o 75% das subvencións de calquera tipo que se concedan, sexan por concorrencia competitiva, e o 25% restante sexa para aquelas subvencións que sexan estritamente necesarias, que non veñan recollidas no orxamento, para atender urxencias que poidan ocorrer. Piden tamén que se deseñe un sistema de orxamentos participativos que faga que a cidadanía e o asociacionismo decidan cando menos a que se vai destinar o 25% do orxamento nos capítulos de investimentos, transferencias de capital e transferencias correntes, para que aqueles que non pertencen ao Partido Popular teñan a posibilidade de optar a algún tipo de subvención para mellorar a súa calidade de vida. Isto faría que o Partido Popular non se crese o embigo do mundo e pensar que teñen a razón sempre que aproban os orxamentos e sempre que toman algún tipo de decisión, pero a razón e o sentido común ás veces non van unidos, e aquí non se aplica o sentido común e ao final atopamos o que atopamos. Insiste en que é unha proposta construtiva e para que reflexione o Grupo Popular, xa que hoxe máis que nunca teñen que reflexionar co devir desta casa dos últimos anos, polo que empraiza ao Grupo Popular para que aprobe a proposta do Grupo Socialista, por ser unha proposta construtiva.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que esta Deputación é un claro exemplo de modelo de orxamentos participativos (participa o grupo de goberno pero toma as decisións o presidente). A meirande parte das subvencións desta Deputación son, tal como se poderá apreciar no seguinte punto, un dos exemplos máis salientábeis de clientelismo político,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

que por regra xeral sempre favorecen aos concellos do Partido Popular e ás asociacións afíns ao PP. Iso si, hai que recoñecer que nesta Institución os orzamentos sempre se aprobaron en tempo e forma, pero iso non os fai mellores, xa que unha das prácticas habituais deste goberno provincial é ir aprobando, ao longo do exercicio, sucesivas modificacións orzamentarias, desvirtuando o orzamento aprobado e os obxectivos previstos nel. Desde o BNG están a favor da moción porque hai que rematar cunha práctica que sendo excepcional acabou por converterse en natural, cal é o abuso das subvencións nominativas, práctica que ven sendo un dos sinais de identidade deste goberno provincial, incluso superando ao seu predecesor no cargo, que xa facía un claro abuso diso. En resumidas contas para que unha cousa funcione hai que ter un bo método de traballo e unhas persoas que o interpreten con intelixencia e honestidade. Nas matemáticas falase a miúdo das condicións necesarias pero non suficientes. Este é un concepto moi útil e interesante na actuación social. Os orzamentos participativos, por exemplo, son unha condición necesaria mais non suficiente para que a participación conduza a resultados xustos para o conxunto da sociedade e para non caer en caciquismos de novo cuño. Mais, se cadra, a condición de suficiencia é proporcionada pola ausencia de caciques na súa xestión e pola presenza dunha base social que mire un pouquiño máis aló do seu interese inmediato.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, diríalle ao Sr. Gómez Pérez que os deixe gobernar, porque iso foi o que quixeron os cidadáns da provincia de Ourense. É certo que estamos en tempos duros e difíciles, de aí que a sociedade lles reclame aos políticos e ás distintas administracións públicas máis democracia, máis participación e máis poder de decisión da cidadanía na toma de decisións naquelas cuestións que lles afectan, pero engade que tamén pide, en especial nestes tempos, seriedade nos planeamentos, sen demagogias, e sobre todo moita máis honestidade na xestión dos recursos económicos. O Sr. Gómez Pérez ten boas ideas, pero dubida de se son a nivel individual ou representando ao seu partido, en todo caso pregúntalle ¿o que vostede propón é para aplicar cando se está na oposición ou cando se está no goberno? Non podemos esquecer que a Deputación non se parece en nada a un concello á hora de elaborar os orzamentos, dadas as distintas peculiaridades de cada concello. Sería moi complexo atender as suxestións dos distintos colectivos e movementos sociais á hora de consensuar determinadas partidas orzamentarias. En todo caso, esta Deputación, dentro das dificultades económicas polas que pasamos, ven dando pasos moi importantes na liña que propón o Grupo Socialista. Por exemplo: o presidente reúnese a diario con alcaldes, con representantes do movemento veciñal, da cultura, do deporte, da xuventude e incluso con

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

cidadáns de a pé, e escoita os seus pedimentos e suxestións, logo os recursos, desgraciadamente e máis nos tempos que corren, son os que son. En canto a que determinadas subvencións se convoquen por concorrencia competitiva, lembra os seguintes datos referidos ao exercicio económico 2013: o Plan provincial de obras e servizos, financiado integramente con fondos propios, xa se fai con ese criterio, con algunhas excepcións que todos consesuaron; as axudas de carácter social tamén se dan por concorrencia competitiva, igual que as axudas para entidades e clubs deportivos, choferes dos tractores con rozadora dos concellos; as marquesiñas e os bancos que tanto critica a oposición. Pode que isto non sexa suficiente, pero lembra, sen acritude, que a responsabilidade de goberno da Deputación é do Grupo Popular porque así o decidiron os homes e mulleres da provincia de Ourense. De aí que, aínda coincidindo co espírito da moción, no sentido de que o presidente e o seu equipo de goberno deben escoitar aos distintos colectivos sociais, veciñais e, en xeral, á cidadanía, non a poden apoiar porque a responsabilidade que lles entregou a cidadanía é a de gobernar, e non van renunciar a ela.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, unha das confusións que habitualmente ocorren aquí é que pensamos que patrimonialmente as institucións lles pertencen aos partidos, pero é todo o contrario, os partidos que están nas institucións deben dar bo exemplo para honrar aos partidos aos que defenden. Na tan famosa transparencia, no Consello de Contas só aproban catro concellos de toda Galicia, e un deles é onde el é concelleiro. Estes son datos constatables e non fai falta pagar a transparencia, porque ou se ten ou non se merca. Por suposto que deixa que gobernen, porque se o puidese facer el non deixaría que gobernase o Partido Popular, porque o seu grupo está na antítese do que representa o PP. Pero o que non poden facer é deixar que só gobernen para os seus. O Sr. presidente pide que se fagan achegas e o seu grupo é o que fai, presentar propostas, como a dos choferes das rozadoras ou a das marquesiñas e bancos, que eran reclamacións que facía o Grupo Socialista. Os concursos de subvencións para o deporte fanse agora porque o Grupo Socialista o reclamou tamén. Dálle igual que lle atribúan as cousas ao Sr. presidente se son cousas ben feitas, que apoia o Grupo Socialista, porque é un ben para os cidadáns. Non están aquí para vender a imaxe de ninguén, e menos a súa propia porque non o necesita. É complexo facer as cousas ben, porque implica unhas normas, para que os alcaldes veñan pedir as cousas ben fundamentadas e despois a institución tomar as decisións oportunas, e se basee naquelo que é prioritario e necesario, isto é o difícil, o fácil e dalas a dedo sen ningunha cuestión previa. Iso é gobernar para os seus e o Grupo Socialista é co que quere acabar, porque os cartos públicos son de todos. Por exemplo, o seu concello, cun orzamento co que non pode facer ningunha pirueta, tiveron

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

que facer unha modificación orzamentaria para darlles a posibilidade aos nenos de ter os libros de texto gratuítos. Fixeron iso porque cren nos cidadáns, e fixérono por concorrencia competitiva, cunhas normas claras e concisas, dándolles igual que os pais dos nenos sexan do PP, do BNG ou medio pensionistas. O que fan falta son solucións para os problemas, aínda que sexa con poucos medios. Di que ven aquí formulando propostas para esta Deputación, non fala do que teñen que facer noutras institucións, governe quen as governe; en cada sitio xa hai unha oposición para reclamar o que se fai mal e onde non hai oposición non é bo para a democracia. Deixa unha pregunta no aire ¿qué pasaría nesta casa se non existise a oposición férrea do Partido Socialista?

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que menos mal que recoñecen que non só gobernan, senón que tamén escoitan. Di que non vai falar do seu concello, aínda que a todos lles gusta presumir do dun, sobre todo se o fai ben, do malo seguro que non presumimos, pero cre que o seu concello (Muíños) é o único de toda Galicia onde se cociña gratis para os nenos, e onde se lles leva a 62 maiores todos os días un menú de 3,90 €, pero isto quen o ten que valorar son os veciños. En canto á oposición di que el sempre dixo que é tan importante o goberno como a oposición, sempre que actúe como tal. En canto á pregunta que lle fixo antes ao Sr. Gómez Pérez (que non respondeu) ía no sentido de se a proposta era individual ou colectiva (de partido non de grupo), porque a proposta non lle encaixa co que practican onde gobernan. Por exemplo, no Concello de Ourense (iso que aínda non aprobaron o orzamento de 2013) nun expediente de modificación de créditos, do que non ten desperdicio a memoria da Alcaldía (que di que como se facía sempre hai que seguir facéndoo), figuran 700.000 euros repartidos en subvencións nominativas ou convenios, que é unha figura un pouco orixinal para facer o que a un lle dea a gana, e as subvencións van desde 3.000 a 90.000 ou 100.000 euros. Na Deputación de Lugo, que supón que se non hai unha catástrofe no camiño será liderada polo Partido Socialista, no ano 2011 tiñan o Plan estratéxico de subvencións por un importe de case 13 millóns de euros; a área da Presidencia dispoñía dun crédito de 868.000 euros e excedeuse en case 900.000 €, sen concorrencia competitiva; e na área de Cultura, Deportes, Ensino, Patrimonio Histórico, Artístico e Normalización Lingüística, o exceso foi de 1.600.000 euros. No ano 2012: subvencións a dous concellos gobernados polo PP 225.000 euros, Barreiros e O Corgo, e ao de Barreiros repártenlle a subvención en tres anualidades; subvencións a concellos gobernados polo PSOE, BNG e Independentes. 1.834.000 €; convenios con entidades asociativas, 1.800.000 €. Hai uns días déronse 240.000 euros repartidos para tres concellos do BNG, aínda que están en contra das deputacións; e repartíronse 500.000 euros por

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

Decreto da Presidencia. Ten que entender o Sr. Gómez Pérez que con ironía, pero con respecto, lle preguntase se a súa opinión aquí era individual ou de partido (espera que sexa de partido porque cre na súa boa vontade). Avanza que no momento no que se teña o anteproxecto dos orzamentos de 2014, o Sr. presidente reunírase cos presidentes das federacións das asociacións de veciños da provincia (este ano déuselles axuda ás dúas). Tamén adianta que nese orzamento se ampliarán as vías de concorrencia competitiva e haberá unha partida para axudas para actividades culturais. Polo tanto, e por razóns obvias, non poden apoiar a moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que está orgulloso do partido ao que representa, e cando fala representa ao seu partido aínda que ás veces é unha tarefa bastante complicada. Non vai caer nas trampas que lle pon o Sr. Álvarez Dobaño, e en canto á Deputación Lugo pensa que habería que preguntarse cales son as noticias que saen en toda España da Deputación de Lugo ou as desta casa, pero afortunadamente nada ten que ver unha coa outra. En canto ás subvencións da Deputación de Lugo, di que dos datos dos que el dispón, os plans aos que aludía o Sr. Álvarez Dobaño foron con bases e foron 62 concellos os beneficiados, pero na modificación do orzamento que ven no seguinte punto aos concellos que non son do PP tócalles un cero como cero e pico por cento. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño, tamén sen acritude, que deberían ter un pouquiño de decencia política ao falar de certas cousas. O que importa é que a súa proposta non se ten en consideración. Non ten problemas en recoñecer o que se fai ben, a oposición non está para dicir que se fai todo mal e está para poñer enriba da mesa propostas construtivas para poder corrixir o que se fai mal, pero o Grupo Popular non fai iso, non aceptan esta iniciativa porque sería pouco interesante para os seus intereses partidistas. De tal xeito recoñece as cousas que fan ben que sempre falan de que se facía ben o servizo da recollida do lixo e agora o Grupo Popular quere desmantelar e privatizalo, polo tanto terán que responder do seu goberno. O Sr. Álvarez Dobaño dixo aquí que no concello están sen aprobar os orzamentos e iso é unha trampa e todos sabemos que é porque están en minoría, en cambio o compañeiro que ten o Sr. Álvarez Dobaño ao lado ten maioría absoluta e non é quen de aprobalos. Estamos na Deputación de Ourense e hai que falar da Deputación de Ourense, se non queren aprobar a moción teñen toda a potestade para iso, porque teñen maioría absoluta e serán quen de dicirlles aos cidadáns por qué non o fan, e no punto seguinte terá ocasión de falar a qué concellos van destinadas as subvencións e para qué.

Intervén o **Sr. presidente** para anunciar, na liña do que anunciou o portavoz do Grupo Popular, que a tendencia en todas esas ordes que se puxeron en marcha no ámbito social, de clubs, entidades deportivas, actividades culturais ... para o ano 2014, que para o Pleno do mes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

de outubro se traerá unha ordenanza sobre subvencións, tendo en conta que aquí se goberna para os concellos da provincia de Ourense, con independencia da cor política dos alcaldes e en función dos proxectos que se presentan e da capacidade da Deputación para xerar as cantidades adecuadas para poder atender as peticións, e dos 848.000 euros destinados a concellos o 16% vai para concellos que teñen un alcalde socialista e curiosamente a porcentaxe de concellos gobernados polo Partido Socialista en Ourense é tamén do 16%. Estamos nun escenario con catro alcaldes do BNG, quince alcaldes do Partido Socialista e setenta do Partido Popular. Contestando á pregunta do Sr. Gómez Pérez en canto a qué sería desta Deputación se non existise o Grupo Socialista, di que el tamén considera fundamental o seu papel, pero a cidadanía foi a que elixiu que o Grupo Socialista estivese na oposición.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que queda rexeitada ao obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

**7º.- EXPEDIENTE 4/2013 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2013 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. interventora que expoña o contido do expediente.

A Sra. interventora anuncia que se ben o ditame da comisión e a proposta da Presidencia son correctas, no seu informe había un erro, polo que lles pasou unha nota aclaratoria aos grupos políticos.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que este punto está relacionado co anterior e consideran que é un absoluto escándalo a impunidade e o descaro co que o Sr. presidente está a xestionar os recursos de todos. Dado que non é a primeira vez que isto acontece, xa que hai poucos meses que se aprobou outro expediente de similares características, cabe concluír que ao Sr. presidente lle importa unha figa todo aquilo que ten que ver coa igualdade de todos os cidadáns, independentemente de onde viva e da cor política do goberno de quenda. Xa teñen dito máis veces, por máis que o Sr. presidente queira quitarse ese San Bieito que o persegue, representa un xeito de facer política, que non difire (nalgúns casos aínda é peor) para nada do seu pai e antecesor nesta Institución, que consiste basicamente en xestionar esta Deputación como un predio privado, continuar coa política de nepotismo e concederlles subvencións nominativas a dedo aos concellos do PP, como si os veciños e veciñas gobernados

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

por outros partidos non tiveran as mesmas, ou máis, necesidades. O Sr. presidente proponlle a este Pleno, e aos grupos da oposición, que dean o visto e prace a un paquete de axudas nominativas por importe de máis de 1,1 millóns de euros para continuar con esta práctica clientelar das esmolas a asociacións, colectivos e concellos vinculados ao PP, que ruborizan a calquera, a costa, iso si, de dilapidar os cativos ingresos que lle reportaron á Diputación a disolución de Urbaourense, monstro creado polo seu antecesor, e dos recursos do alleamento da finca Santamarina (por importe de 80.798,75 euros), produto dunha das maiores barbaridades políticas cometidas contra o patrimonio dos ourensáns. Unha vez dito isto, supón que xa imaxinan cal é a súa posición.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** dille ao Sr. presidente que ten unha teima cos números, non sabe se ten unha calculadora na cabeza ou é que a leva con el a todos os sitios, pero a política non son matemáticas e ao mellor se equivoca no labor que está desempeñando. E como a política non son matemáticas di que o Sr. presidente fai trampas, porque cando alude a concellos do Partido Socialista alude a concellos que están dentro das mancomunidades, que deberían estar xestionadas por aqueles que teñen o poder. Volvendo ao punto anterior, pídelle ao Sr. presidente que, xa que é tan intelixente e ten unha intelixencia sobrenatural, explique senón por qué a unhas si e a outras non. O Sr. Baltar Blanco preside esta institución porque se supón que é a persoa máis capacitada para gobernar esta casa. Antes preguntou que pasaría se o Grupo Socialista non estivera na oposición referíndose a que se non houbera oposición o Grupo Popular faría todo o que lle dá a gana e máis, e non falou del mesmo, porque el non é o Partido Socialista igual que o Sr. presidente non é o Partido Popular, aínda que o crea. Pregúntalle cal é o seu criterio para repartir equipamentos deportivos en Verín, cando é un concello que ten un dos orzamentos máis altos da provincia. Parécelle que a construción dunha cafetería dentro dunha zona dun vestiario dun campo de fútbol non será o máis importante neste momento na provincia. Reitera unha pregunta que fixo por escrito de que cales son os proxectos e as iniciativas que presentaron os concellos ou as asociacións para que o Sr. presidente, co seu criterio e coa súa intelixencia excesiva, elixira cales son bos e cales non. Iso é o que ten que explicar, por qué toma esas decisións, pero a realidade é que se dan pola cor política. O seu grupo está en contra dos convenios coas igrexas sempre que non sexa para beneficio dos cidadáns. Tamén se dan subvencións para iluminacións públicas a algún concello e parece que os demais concellos non teñen problemas coa enerxía e a subministración eléctrica. O Grupo Popular só segue o criterio partidista e nin sequera as subvencións van para os concellos gobernados polo PP estritamente, senón que a maior parte as levan os concellos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

que están representados nesta casa e que son afíns ao Sr. Baltar Blanco. Con isto o Sr. presidente está buscando a fidelidade dos seus, porque está en interdito. En canto á transparencia, o Grupo Socialista dálle un cero ao Sr. presidente aínda que se empeña en mercala, e como xa dixo antes, a transparencia non se merca, se practica.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, non quere reiterar o que xa se falou, pero unha vez máis o Grupo Popular ten a responsabilidade de gobernar e os demais a da oposición. A el tampouco lle gusta este expediente porque desde o seu concello querían máis, pero as fabas son as que hai. Pensa que é un erro pensar que as axudas que se lles dan aos concellos son para o Partido Popular, porque as axudas son para os cidadáns dos concellos e incluso para os da provincia (A Ponte Fútbol Club, Capela dos Remedios), e despois din que no Partido Popular hai problemas internos e quen os ten é o Partido Socialista que nun sitio din unha cousa e outra noutro. A subvención que se lle concede a Muíños é para un circuito BTT do que se vai beneficiar todo o Xurés; e tamén para un punto de almacenamento temporal RCDs que será toda a unidade de xestión (6 concellos). Tamén de se dan subvencións para obras que teñen utilidade pública, pero a oposición quere poñerlle outro vestido. Xa o dixo o Sr. presidente e vaino repetir el alto e claro: non lle consta que quedara pendente de atender ningunha axuda dos alcaldes gobernados polo Partido Socialista ou polo BNG, o que si lle consta é que quedaron pendentes axudas para concellos do Partido Popular. Por último reiterar que a oposición ten dous criterios, un onde goberna e outro cando está na oposición. Desviándose do tema e volvendo a un punto anterior, invita ao Sr. Rodríguez Puga a que lea a definición de radical no dicionario da Real Academia. As propostas que se recollen neste expediente son en resposta ás demandas que se veñen recibindo nos últimos meses de movementos veciñais, asociacións e alcaldes. Volve dicir que os deixen gobernar, que está é a proposta do Grupo Popular, suxeita ás críticas de todos.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que menos mal que o circuito de BTT é para todo o Xurés, porque a tradición da BTT en Muíños é mínima ou nula. E falando de aproveitarse o Sr. Álvarez Dobaño xa nomeou ao concello de Muíños tres veces, isto si que estar na torta. Repite que nesta Deputación é o portavoz do BNG e non é un profesor. Neste expediente se lle dá unha subvención a Celanova para cafetería (cuxo significado e barra para tomar botellíns, chupitos de licor café, augardente e outra serie de chupitos) na zona dentro do vestiario do campo de fútbol, non sabe se o Sr. presidente controla o diñeiro que lles dá aos señores que están gobernando en Celanova, pero, por se non o sabe, pono en antecedentes: hai un *bareto* no campo de fútbol de herba, hai un bar no polideportivo da Pedra da Moa onde se

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

toman toda clase de *chupitos* diante de onde xogan nenos menores de idade; hai un *bareto* ao lado do parque infantil de Celanova que ameaza ruína e bar (que nunca se abriu) na estación de autobuses da época *Mouriñandia* que tampouco se abriu. Agora o Sr. presidente asina unha subvención de 5.700 euros para volver abrir outro. No concello de Celanova o BNG preguntou se non sería mellor preguntarlle ao presidente da Deputación se era capaz de dar unhas asignacións para axudas de libros, e axudas para o comedor (porque algúns pais teñen que pagar 4,5 € por comer un neno, dos cales, grazas á política do PP, 2 € quedan para os que non poden pagar, onde ademais un xa é rico se gana 9.000 euros ao ano por membro da familia) e a resposta dos compañeiros do Sr. presidente de Celanova foi: se os pedimos para iso non nolos dá (entón, como dicían os romanos, hai que pedilo para pan e circo). Outra resposta foi: preguntélles aos pais que son os que o queren (o bar). Di que hai moitos país que teñen problemas para pagarlles o material escolar aos seus fillos ou o comedor, pero a eses non se escoitaron.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que o Sr. Álvarez Dobaño dixo que tampouco estaba moi de acordo con este expediente porque quería máis para Muíños, pero el cre que tampouco estaba de acordo co expediente porque non era coñecedor deste expediente, como dixo nos medios de comunicación (polo menos iso foi o que saíu na prensa), algo que lle estraña porque é un membro destacado do grupo de goberno. Á parte da política, que queda claro que cada un vai defender a súa posición, se a transparencia é tan grande (como di o presidente) insiste no seu pedimento de que lles entreguen as solicitudes dos concellos e asociacións pedindo estas subvencións, que supón que pasarían polo Rexistro Xeral. Hai que chamarlle as cousas polo seu nome, porque non é o mesmo un convenio coa Deputación que unha subvención entregada a dedo. Pensa que non hai nada máis que engadir, o Grupo Popular non aproba as propostas que fai a oposición e seguen facendo o que queren. Non entran no fondo das cousas que se van facer con estas subvencións (aínda que en moitos casos é rechamante e noutros é denigrante), pero o Sr. Álvarez Dobaño falou de facer un centro de recollida de residuos e iso non é beneficioso para os cidadáns nestes momento, porque por outro lado prevese privatizar o servizo para beneficio dunha empresa; igual que se mercaron camións que despois van reverter nesa empresa. Espera que o grupo de goberno sexa responsable con este tema, e non vir con floreos e historias raras, non vaia ser que aconteza como con outras cousas das que falarán máis tarde, nas que se acusou ao Grupo Socialista de todo e a ver que desculpas poñen agora. Reitera o pedimento das solicitudes porque a el non lle vale a milonga

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

de que non queda ningún que non veña pedir, porque algún xa nin ven porque non o reciben. O que hai que facer é presentar as cousas por escrito e esa é a proposición do seu grupo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que lle acaban de pasar unha nota que di que Pontevedra e Vigo son os concellos urbanos menos transparentes de Galicia. Parece que ao Sr. Rodríguez Puga lle gusta moito Muíños, porque ultimamente sempre fala dese concello, cousa da que está encantado. En canto a tradición do BTT en Muíños di que se nunca a houbo non pode ter tradición, pero por algo haberá que empezar, e pídelo ao Sr. Rodríguez Puga que deixe que os concellos da Baixa Limia se gobernen, porque son os que quixeron isto e que non veña de salvador da patria baixo limiá porque non lles fai ningunha falta. En canto ás solicitudes dos concellos que pide o portavoz socialista, di que xa o presidente lle responderá polas escritas e polas verbais, e por certo, algunha do Concello de Muíños quedou por escrito esperando mellor ocasión. Reitera que esta é a responsabilidade do grupo de goberno e así a exercen e a seguiran exercendo mentres os cidadáns da provincia queiran que o sigan facendo.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que o Sr. Rodríguez Puga se referiu a unha cafetería no Concello de Celanova, con grandes argumentos, e dille que iso foi o que pediu o concello, xunto con outras cousas. En canto a todos os *chupitos* aos que se referiu non sabe se é que se lembraba dos *chupitos e mojitos* de Ánxela Bugallo no bipartito, cando gastaron dous millóns de euros na Habana, que tampouco foi un exemplo de subvención nominativa. Pídelo ao Sr. Gómez Pérez que lle diga a que alcaldes non se reciben. En canto a que a política non son matemáticas di que agora teremos a oportunidade de ver que si teñen unha participación na política cando pida os votos para aprobar este expediente a favor ou en contra. Se deu antes as porcentaxes foi porque o Sr. Gómez Pérez dixo que aos concellos do PSOE só lles tocaba un cero coma cero e pico por cento, e esa porcentaxe é a real, excluindo ás mancomunidades. Tampouco estaba de acordo o Sr. Gómez Pérez en que se modifiquen créditos para o maior investimento nun concello, neste caso o Concello de Ourense, que é socialista, para a capela dos Remedios, que é un ben de interese cultural (BIC). As tres reunións que houbo sobre este tema foron no despacho da Alcaldía de Ourense. En canto ao equipamento deportivo para Verín foi porque así o solicitou o concello. Anuncia que en breve lle pasará ao Sr. Gómez Pérez a relación de solicitudes formuladas por escrito, aínda que outras se formularon verbalmente, como as axudas aos consellos reguladores, ou para o premio Losada Diéguez, e poderá comprobar que das solicitudes formuladas por escrito as dos sete concellos socialistas foron atendidas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTO**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
341.11/762.00	A Concellos. Instalacións deportivas fomento do deporte	140.535,00
450.12/762.01	A Concellos. Cooperación provincial	608.450,00
453.11/619.01	Plano cooperación. Vías provinciais	148.435,05
336.11/780.00	Igrexas e outros monumento. Patrimonio histórico-artístico	100.000,00

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	997.420,05
<b>TOTAL.....</b>	<b>997.420,05</b>

RECURSOS UTILIZADOS

<b><u>Recursos procedentes da redución de capital da Sociedade Urbanística Provincial Urbaourense. Subconcepto 600.00</u></b>	916.621,30 €
<b><u>Recursos procedentes do alleamento da finca Santamarina, afectados a gastos de investimentos (*). Subconcepto 600.00</u></b>	80.798,75 €

2º.- Na base 87 de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense non estaba prevista a concreción do capítulo IV e VII de gastos para conceder no exercicio 2013, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria, así como doutras aplicacións orzamentarias cuxo crédito non precisa de tramitación plenaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.13/462.01**: A Concellos. Actividades culturais e recreativas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello do Carballiño	Premio Losada Diéguez	6.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>6.000,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.13/489.00** : Outras transferencias. Culturais e recreativas

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
La Región	Edición libro AURIA	25.000,00
Fundación Otero Pedrayo	Gastos funcionamento e mantemento	9.000,00
Consello Regulador D.O. Valdeorras	Feira do Viño	4.000,00
Consello Regulador D.O. Monterrei	Feira do Viño	4.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>42.000,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.01** : Subvencións entidades deportivas. Fomento do deporte

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Ponte Fútbol Club SAD	Gastos de mantemento e funcionamento	11.687,00
<b>TOTAL</b>		<b>11.687,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/762.00**: A Concellos. Instalacións deportivas fomento do deporte

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Oímbra	Gradas pavillón deportes	22.535,00
Concello de Verín	Equipamento deportivo	25.000,00

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Concello de Lobios	Vestiaros campo de fútbol	63.000,00
Concello de Muíños	Circuíto BTT	30.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>140.535,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**: A Concellos. Cooperación provincial

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Oímbra	Estrada Oímbra-Albarellos (tramo O Rosal)	60.000,00
Concello da Rúa	Arranxo parque infantil Aguillón	40.000,00
Mancomunidade do Ribeiro	Peche e urbanización espazo dotacional	30.000,00
Concello de Toén	Aglomerado fronte Casa do Concello	51.300,00
Concello de Cenlle	Construción pantalán	35.000,00
Concello de Padrenda	Depósito de Auga	48.000,00
Concello de Esgos	Acceso a Lobaces	57.000,00
Concello de Vilamartín	Melloras captación pobo de Arnado	30.000,00
Concello de Vilamartín	Beirarrúas en Tamallancos	16.000,00
Concello de Celanova	Acondicionamento da cuberta praza de Abastos	17.500,00
	Execución infraestrutura parque infantil	9.999,50
	Construción da cafetería dentro da zona vestiario campo fútbol terra sito estrada Cortegada	7.500,50
Concello de Petín	Muro en San Paio e pavimentación en Porto Mourisco	35.000,00
Concello da Merca	Muro Val do Seixo-A Manchica	25.000,00
Concello de Lobeira	Traballos medioambientais	6.000,00
Concello de Verea	Acondicionamento casa concello	10.000,00
Concello de Baltar	Compra rozadora	13.700,00
Concello de San Cristovo de Cea	Acondicionamento PAI	15.000,00

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Concello de Sarreaus	Lodoselo Cortegada	41.300,00
Concello de Trasmiras	Acondicionamento camiños agrarios	
	Rede Natura	4.000,00
	Obradoiro emprego	4.000,00
	Mellora eficiencia enerxética nas instalacións municipais	14.850,00
Concello de Padrenda	EDAR	7.300,00
Concello de Muíños	Punto almacenamento temporal RCDs	30.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>608.450,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/780.00**: Igrexas e outros monumentos. Patrimonio histórico- artístico

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Diocese Ourense (convenio cofinanciación. Xunta-Concello-DPO-Diocese)	Rehabilitación Igrexa Os Remedios	100.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>100.000,00</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **453.11/619.01**: Plano cooperación. Vías provinciais

<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Gastos de investimentos en vías provinciais	148.435,05

3º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01 “A Concellos. Actividades culturais e recreativas”, prevíase unha subvención ao Concello do Carballiño para o financiamento da Festa do Polbo. Baseándose na solicitude remitida polo Concello do Carballiño en data 24/05/2013 (Rexistro de entrada n.º 12457), esta subvención

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

nominativa concederíase directamente ao Padroado de Turismo Municipal do Carballiño, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 33.413/467.02. Padroado de Turismo Municipal do Carballiño. Actividades culturais e recreativas:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Padroado de Turismo Municipal de O Carballiño	Festa do Polbo	10.000,00

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Riós para o alumeadado en Veiga do Seixo. Baseándose na solicitude remitida polo Concello de Riós en data 27/05/2013 (Rexistro de entrada n.º 12742), distribuírase de forma que se contemplen dúas actuacións diferenciadas polos seguintes importes:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Riós	- Mellora do alumeadado público na Veiga do Seixo e San Pedro de Pousada	8.683,31
	- Alumeadado da Veiga do Seixo	14.316,67

- Con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01 “A Concellos. Acción social”, prevíase unha subvención á Mancomunidade de Conso Frieiras para o funcionamento do PAI. Baseándose na solicitude remitida pola Mancomunidade en data 12/08/2013 (Rexistro de entrada n.º 20069), procédese ao cambio da finalidade dos ditos fondos, sendo a seguinte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Mancomunidade Conso- Frieiras	- Gastos funcionamento	32.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

4º.- Os convenios do capítulo 7 serán xestionados a través da central de Contratación da Deputación Provincial de Ourense trala aceptación da subvención polo concello respectivo e a formalización do pertinente documento.

5º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**8º.- DESAFECTACIÓN E CESIÓN GRATUÍTA AO MVMC DE COTO DE SAN CIBRAO E CIMA DA COSTA DO VELIÑO, TERMO MUNICIPAL DE RIBADAVIA, DE DÚAS PARCELAS SOBANTES PERTENCENTES AO ANTIGO TRAZADO DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0303 VALDEPEREIRA-MASIDE.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A desafectación das dúas parcelas sobantes pertencentes ao antigo trazado da estrada provincial OU-0303 Valdepereira-Maside, sitas entre os puntos quilométricos 920,00-1020,00 e 1220,00-1280,00, que aparecen reflectidas no plano que consta no expediente de desafectación.

2º.- Autorizar a cesión gratuíta ó MVMC de “Coto de San Cibrao e Cima da Costa do Veliño” das referidas parcelas sobantes, co fin de que sexan incorporadas á superficie do devandito monte.

3º.- Facultar á Presidencia para a sinatura do correspondente convenio de cesión gratuíta.

**9º.- MODIFICACIÓN CONVENIO DE COOPERACIÓN FINANCEIRA ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a subscripción do convenio modificado de cooperación financeira entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras, para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na Comarca de Valdeorras, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación da cooperación financeira necesaria na xestión de determinadas actividades do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras.

**SEGUNDA.- Actividades subvencionadas.**

As actividades subvencionadas son todas as que abrangue a xestión de pequena depuración, que é a correspondente ao ámbito territorial do Consorcio, en concreto as que de seguido se relacionan:

- Mantemento preventivo e correctivo das depuradoras dos núcleos de poboación do Consorcio, incluíndo a realización de analíticas
- Limpeza e baleirado de fosas mediante camión impulsor-succionador u outros medios, cando non sexa posible por problemas de accesibilidade.
- Xestión dos residuos.
- Subministración eléctrica, no caso de que sexa necesario.

**TERCEIRA.-Custo das actuacións.**

O custo total das actuacións contempladas no presente convenio ascende a seiscentos trinta e un mil cento oitenta e catro euros e trinta e dous céntimos (631.184,32€).

Esta cooperación financeira articularase mediante a concesión de dúas subvencións, unha outorgada por Augas de Galicia e outra pola Deputación de Ourense, correspondentes aos gastos de depuración dos exercicios 2013 e 2014, que serán financiadas como sigue:

- Augas de Galicia achegará a cantidade total de 473.388,24 €; correspondendo 236.694,12 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2013 e 236.694,12 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2014.
- A Deputación de Ourense achegará a cantidade total de 157.796,08 €; correspondendo 78.898,04 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2013 e 78.898,04 €

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2014.

**CUARTA.- Financiamento e libramento anticipado da subvención.**

De acordo co disposto no artigo 31.6º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Augas de Galicia concederá un anticipo pola contía máxima das dúas terceiras partes do importe da axuda de cada anualidade co fin de que o Consorcio conte co financiamento preciso para poder levar a cabo as actividades financiadas.

Coa solicitude de anticipo o Consorcio deberá presentar xustificación de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e que non ten pendente ningunha outra débeda coa administración autonómica de Galicia.

En aplicación dos artigos 67 e 65.4º do Regulamento de Subvencións, o Consorcio queda exonerado da constitución de garantías.

Augas de Galicia aportará a cantidade de 473.388,24€ con cargo á conta 6516 “Subvencións de correntes a Corporacións Locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades, que resultan da aplicación do sistema temporal de cálculo e certificación do déficit efectivo, e do cumprimento das achegas que debe realizar Augas de Galicia de acordo co artigo 15 dos Estatutos do Consorcio:

- 2013: 157.796,08 €
- 2014: 236.694,12 €
- 2015: 78.898,04 €

Baseándose na certificación que pecha o resultado de cada exercicio, na que se acredite o déficit de explotación producido calculado do xeito establecido na cláusula sexta, liquidarase o déficit efectivo. No suposto en que da certificación resulte un déficit de explotación menor ao estimado, a diferenza restarase do importe da axuda a abonar na anualidade do exercicio seguinte. No caso de que a dita compensación non sexa posible, o Consorcio reintegrará a Augas de Galicia a diferenza entre a cantidade recibida e o déficit de explotación producido.

En ningún caso a achega de Augas de Galicia será superior as cantidades estipuladas no presente convenio.

-A Deputación de Ourense achegará a cantidade de 157.796,08€ con cargo á aplicación orzamentaria 1611/46.700, que resulta da aplicación do sistema temporal de cálculo e certificación do déficit efectivo, e do cumprimento das achegas que debe realizar a Deputación de Ourense de acordo co artigo 15 dos Estatutos do Consorcio, coa seguinte distribución de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

anualidades:

- 2014: 78.898,04 €
- 2015: 78.898,04 €

A Deputación non efectuará ningún pagamento anticipado da subvención, librándose esta unha vez sexa xustificada polo Consorcio, no exercicio seguinte a aquel que constitúe o seu obxecto.

A xustificación por parte do Consorcio da subvención ante a Deputación realizarase nos mesmos prazos e condicións previstos no presente convenio para a subvención de Augas de Galicia. No suposto en que da certificación resulte un déficit de explotación menor ao estimado, a diferenza restarase do importe da subvención.

En ningún caso a achega da Deputación Provincial será superior as cantidades estipuladas no presente convenio.

#### **QUINTA.- Obrigas das partes**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Consorcio o importe a que fai referencia cláusula anterior.

2.- A Deputación de Ourense obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Consorcio o importe a que fai referencia cláusula anterior.

3.- O Consorcio de Augas de Valdeorras obrígase a:

- Asumir, pola súa condición de beneficiario, todas as obrigas previstas no artigo 11 da LSG, e en concreto, os seguintes compromisos:
  - a) Realizar a actividade de prestación do servizo de depuración que fundamenta a concesión da subvención.
  - b) Xustificar ante Augas de Galicia e a Deputación a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.
  - c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuarán Augas de Galicia e a Deputación, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  - d) Comunicar a Augas de Galicia e a Deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

- Acreditar a non concorrencia das prohibicións ás que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, mediante declaración responsable ou por calquera dos medios sinalados no mesmo artigo.
- Acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pago calquera outra débeda coa Administración Pública Autonómica, con carácter previo á obtención da axuda.

**SEXTA.- Réxime de xustificación das axudas por parte do beneficiario.**

En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte do beneficiario da axuda, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En consecuencia, o Consorcio asume como beneficiario da axuda prevista neste convenio as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG e do artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, xustificar perante Augas de Galicia e a Deputación Provincial o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, a Deputación Provincial, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar a Augas de Galicia e á Deputación Provincial, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar a Augas de Galicia e á Deputación Provincial, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo establece o citado artigo, e especialmente a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Asemade, por tratarse dunha actividade financiada ademais de coa subvención con fondos propios, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

Ambas subvencións deberanse xustificar mediante certificación do funcionario responsable dos servizos de intervención do Consorcio, na que se acrediten os ingresos recadados polo Consorcio con cargo a taxa do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais da Comarca de Valdeorras e os gastos relativos ao servizo de depuración, calculado conforme ás seguintes regras:

- Consideraranse como ingresos os efectivamente recadados a 1 de marzo do exercicio seguinte ao que se refira a xustificación.
- Consideraranse como gastos os relativos ao servizo de depuración recoñecidos e liquidados a 31 de decembro do exercicio de que se trate.

As respectivas xustificacións deberanse presentar ante Augas de Galicia e a Deputación antes do 1 de abril do exercicio seguinte á anualidade á que se refira.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

**SÉTIMA.- Comisión de seguimento**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

**OITAVA.- Duración.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ao servizo de depuración realizado dende o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade co disposto na cláusula terceira, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2015, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes, mediante a sinatura da addenda correspondente.

**NOVENA.- Causas de resolución do convenio.**

O presente convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo.

**DÉCIMA.- Natureza .**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

**UNDÉCIMA.- Publicidade.**

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En virtude co disposto no parágrafo anterior as partes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Ademais, o presente convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para xeral coñecemento.

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE REXEITAMENTO SOBRE O PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.-**

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que este asunto xa se debateu en máis ocasións e aínda que as posturas están encontradas, porque cada un ten que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

defender os intereses partidistas, todos somos conscientes de que esta situación, na que o goberno central de Mariano Rajoy, quere facer aínda máis pequenos aos concellos e quitarlles todo tipo de competencias para depositalas nas deputacións, é un erro manifesto. Un erro que comparten todos os que gobernan os concellos e incluso as persoas que comparten que o municipalismo é fundamental. Con isto o único que se quere conseguir é que desaparezan os concellos. Está a falar desa lei que se quere aprobar co rolo do Partido Popular sen ningún tipo de consenso, nun campo no que os gobernos municipais do Estado están máis ou menos igualados. O Partido Popular está acostumado a pasar o rolo que lle dan os votos nesta lexislatura, por iso non se debe esquecer ninguén de que hai oposición, non numérica, porque está seguro que moitos alcaldes que están na bancada do Grupo Popular non comparten esta lei que quere aprobar o Partido Popular. Non a comparten non só porque lles queiran quitar as competencias aos concellos, que van quedar como simples receptores de queixas e non van poder solucionarlles os problemas aos cidadáns. Isto acontece agora porque non hai capacidade económica, pero vai acontecer moito máis se esta lei vai adiante. O Grupo Socialista está radicalmente en contra desta lei e este é o foro adecuado para debater este asunto, porque se hai unha provincia que estea realmente afectada por esta lei é a provincia de Ourense, porque agás a propia cidade non hai ningún concello que teña máis de 20.000 habitantes. Esta lei é un sen sentido e está feita sen acordo e o que pretende é a centralización. Preocúpalles fundamentalmente que se os concellos non poden afrontar as competencias que van recollidas nesta lei (coa que a autonomía dos concellos queda diluída), pasen á Deputación e que sexa esta a que preste os servizos. Pregúntase por qué son aqueles servizos que teñen a posibilidade de privatizarse e non son os servizos que non son competencia dos concellos (como os que lles meteron outras administracións dando unha subvención un ano e ao seguinte déixanos ao amparo dos veciños e dos seus impostos). Sabe que lle van dicir que se poden facer alegacións e demais, pero facer alegacións para que non che fagan caso é perder o tempo, e sobre todo facerlles perder o tempo aos funcionarios ou ás persoas que traballaron nesto, pero como hai unha idea clara non lles fan caso. Con esta lei atácase ao municipalismo e polo tanto atacan a todos. Sempre se utiliza a demagogia para dicir que os concellos gastan moito e mal, que teñen moitos cargos públicos que hai que eliminar porque son un gasto intolerable, pero a realidade é contraria a todo isto. Nos concellos apenas hai concelleiros ou alcaldes que cobren, e hai moitos concelleiros que traballan polo seu concello desenvolvendo un labor extraordinario que non cobran un só céntimo. O que está a facer o Partido Popular, de intentar desprestixiar aos que están nos concellos, é intolerable, porque noutros foros de “máis arriba” acontecen cousas como as que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

están pasando na clase política deste país. Reitera que o Grupo Socialista está a favor do municipalismo, non cren nesta lei que se quere aprobar pola porta de atrás e sen o apoio de ninguén, nin do Consello do Estado, e piden que esta lei non sexa posta en marcha e que se empece a negociar o financiamento dos concellos para que poidan prestar servizos, pero iso non interesa, o único que interesa e denigrar a algúns e tamén aos deputados do Grupo Popular, polo que espera que apoiem a moción.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que trala aprobación no Consello de Ministros e a publicación no Boletín Oficial das Cortes, dáse inicio á tramitación parlamentaria para a súa aprobación nos vindeiros meses como lei. Unha vez coñecido o texto, o BNG fai reflexión sobre dúas cuestións básicas: a reforma continúa atentando contra a autonomía municipal e vulnera o autogoberno. Esta é unha reforma que inicia o Partido Popular realizada sen ningún consenso nin debate previo. É unha imposición do PP e ataca á democracia, supón unha recentralización e unha privatización dos servizos que afectará ás condicións de vida dos veciños e veciñas dos pequenos municipios (menos de 20.000 habitantes) que se van ter que desprazar porque van carecer dos servizos que se están dando hoxe, e van perder a atención persoal, calquera que sexa a cor política do concello. Este proxecto, a nivel galego e quizás máis grave en Ourense, non ten en conta os criterios da dispersión e o envellecemento da poboación. A discriminación que xa sofren os concellos galegos na actualidade vai ser moito maior. Con esta lei preténdese contentar ao Fondo Monetario Internacional e á Unión Europea na redución da débeda do Estado Español. A débeda pública do Estado Español no segundo trimestre era de 805 millóns de euros, dos cales só un 5% é da administración local. Dese 5% (36 millóns de euros) case o 25% lle corresponde ao Concello de Madrid. Realmente non existe tal recorte na débeda e o único que se está a facer é reconfigurar o panorama político do Estado, recentralizando e dándolles máis poder ás deputacións, que non só non funcionan, senón que se vai fomentar o caciquismo que xa existe e o trato de favor a aqueles que teñan a mesma cor política. Isto vai levar asociado un problema, que na provincia de Ourense se vai ver de forma rápida, vai favorecer o despoboamento porque os cidadáns se van ter que desprazar por falta de servizos. O BNG entende que hai servizos que todos deben ter por igual (educación, sanidade, servizos sociais) que non poden depender do punto xeográfico de onde nos atopemos. O BNG oponse a esta reforma tal e como está deseñada, aínda que se debe afrontar unha reforma que mellore o funcionamento dos concellos, pero non nos termos que presenta o Partido Popular.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, lembra que no seu momento aquí se constituíu unha comisión para poder estudar o anteproxecto de lei, e o BNG abandonouna, lexitimamente e cos seus criterios, e o Partido Socialista chegou a dicir nalgún momento que non merecía a pena estar, polo que non houbo continuidade no trámite. En todo caso, a boa vontade do presidente e do equipo de goberno de chegar a acordos foi evidente. O proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, forma parte dun conxunto de actuacións incluídas no Plan nacional de reformas e ven a dar resposta a necesidade de actualizar o marco normativo do réxime local e de acadar unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos, ata aquí todos de acordo. O texto remitido ao Congreso dos Deputados polo Goberno de España foi negociado coa FEMP e recolle unha boa parte das alegacións realizadas por esta federación municipalista, aínda que os representantes da FEMP teñan pouco que ver coa peculiaridade dos pequenos concellos. Non obstante, consideran que o proxecto de lei pode ser mellorado en aspectos como os seguintes: é preciso recoñecerlles un maior nivel competencial aos concellos galegos que o establecido no proxecto de lei; de xeito especial, debe recoñecérselles aos concellos galegos a súa capacidade para xestionar os servizos sociais no marco establecido pola normativa autonómica nesta materia; maior recoñecemento do papel que pode desenvolver a Xunta de Galicia en materia de asistencia e cooperación cos concellos; e sobre todo o establecemento dun marco retributivo xusto para os alcaldes e electos locais que desenvolven as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva. Lembra que a comisión executiva Federación Galega de Municipios e Provincial acordou, recentemente, por unanimidade de todos os seu membros, un documento en relación co dito proxecto de lei, que será sometido a debate na Asemblea extraordinaria do vindeiro día 11 de outubro. En consecuencia, o Grupo Popular considera que non semella acaído solicitar a retirada do proxecto, senón a súa emenda no sentido xa interesado polo municipalismo galego. Todo isto debe canalizarse a través dos grupos parlamentarios nas dúas cámaras do Estado.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que non se pode dicir que se está de acordo cando non se está de acordo. Pregúntalles aos deputados do Grupo Popular se están de acordo con esta lei que se quere aprobar. O Grupo Socialista deixou a comisión porque se estaba a traballar en cousas que pensaban que eran moito máis mellorables, que afectaban á nosa provincia, nas que estaban a traballar tamén a FEMP e a FEGAM e saíu o goberno central dicindo que non facía caso a ningunha das alegacións, igual que vai facer agora. Comparte que a FEGAMP tería que ser a encargada de canalizar isto, pero

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

todos sabemos que o outro día a punto estivo de desaparecer a FEGAMP pola teima que ten o Partido Popular en seguir con isto adiante sen facer caso de ninguén. Aquí ou se está co municipalismo ou non se está, porque a lei vana coar. Unha lei sen sentido que, por exemplo, aos municipios de máis de 5.000 habitantes lles obriga a ter mercado municipal e por outra banda non obriga a ter Internet cando iso é unha obriga que di a Unión Europea. Pensa que non hai sentido en quen está elaborando isto, e o Sr. Montoro non pregunta cales son as peculiaridades dos concellos, senón que só ve como pode facer certas privatizacións e como pode facer para que isto sexa rendible economicamente. En teoría, os concellos van seguir tendo os servizos sociais, porque a comunidade autónoma de quenda será a que o determine, pero o goberno central ten a potestade de quitarlos, porque é un servizo interesante para privatizar, e esa é a realidade. O Grupo Popular debe definirse e non vir aquí con ambigüidades. Reitera que para o Grupo Socialista é fundamental a retirada da lei, porque non responde para nada co sentir do municipalismo, incluído o Partido Popular. Di que el sairía beneficiado se se pon unha normativa que regule os soldos dos concelleiros, pero moitos alcaldes quedarían sen retribucións, pero isto é demagogia. El di as cousas claras, non como outros. Os alcaldes dos concellos pequenos teñen que cobrar por exercer o seu labor, igual que calquera cargo público, cuns criterios e baremos, para evitar desfases. Isto non é defender o soldo de ninguén, senón que é defender o traballo que fan nos municipios, que moitas veces nin sequera cobran. Gustaríalle ver a algún dos que están redactando esta lei traballando nos municipios e facelo como o fan algúns alcaldes. Para rematar di que se isto vai adiante vaise acabar tamén co poder dos cidadáns para votar nas eleccións municipais.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que cada un no seu municipio, cada vez que teñen un pleno ou cada vez que os secretarios intentan algunha iniciativa, sempre se atopan coa mesma pega, gobernando ou na oposición, teñen as mans atadas. Con esta reforma aínda se atan máis as mans, porque os alcaldes o único que van facer é recibir ordes e non van solucionar os problemas dos veciños. Todos estamos de acordo en que a reforma é mala para os nosos municipios, independentemente da cor á que representen. A FEGAMP xa o dixo claro, esta reforma non nos interesa. Das verbas do portavoz do Grupo Popular interpreta que non están de acordo coa lei e durante a súa tramitación se revelarán contra o seu propio partido, para tratar que isto non vaia adiante. Agarda que iso sexa así.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, segue pensando que cada partido político debería canalizar as súas demandas a través dos seus grupos parlamentarios. No fondo, con matices, están todos de acordo. En todo caso, di alto e claro que se deberían revelar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

todos contra un recorte progresivo desde hai tempo dun principio constitucional que é a autonomía municipal, porque se isto segue así vai ser mellor que os concellos se agrupen ou se fusionen, e despois veñen os secretarios complicarlles a vida aos alcaldes, non porque queiran, senón porque llo esixe o Sr. Montoro. Reitera que están de acordo en moitas cousas, porque os problemas son comúns. Pide que se respecte á FEGAMP, que convocou unha asemblea extraordinaria para o día 11 de outubro, e a partir de aí cada partido que faga a “presión” que poida tanto no Congreso como Senado.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

### **11º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DO SECTOR DO VIÑO.-**

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O establecemento da posibilidade de asinar contratos homologados entre produtores e industrias, logo do acordo acadado na Mesa do Viño no ano 2006, nas distintas denominacións de orixe, foi un salto moi relevante para dotar de máis estabilidade ao sector e para evitar a conflitividade que en torno á recollida da colleita, o seu prezo e o prazo na que os produtores cobran pola súa produción, se viña producindo en todas as campañas. Igualmente, se acadou consenso na Mesa do Viño acerca das medidas que debía impulsar a Xunta de Galiza para promover a súa implantación, fundamentalmente vinculadas co condicionamento ou preferencia nas ordes de axudas dirixidas ás industrias a que estas asinen contratos homologados. Os pasos atrás que se produciron nas últimas campañas nas diferentes denominacións de orixe nas que existiu a posibilidade de asinar contratos homologados xunto co abandono da Xunta de Galiza das medidas para o seu impulso ten motivado, xunto con outros factores, que actualmente se produza unha situación delicada no sector do viño. Situación delicada que se concreta entre outras situacións en que moitos viticultores seguen pendentes do cobro das uvas que entregaron na última campaña, e mesmo nalgúns casos na anterior. Consideramos que os pésimos resultados que para o conxunto do sector ten a ausencia de política de contractualización fai que sexa unha obriga ineludíbel da Xunta de Galiza continuar co impulso desta práctica, tanto a través da súa implicación activa na Mesa do Viño para acadar acordos de contratos como a través doutras medidas de estímulo conducentes á extensión dos contratos. Estas son as razóns polas que o Grupo Provincial do*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

*Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados asinantes, formulan a seguinte moción, instando ao Pleno da corporación á adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza a: Implementar as medidas necesarias para garantir o cobro por parte dos/das viticultores/as das contías que se lles deben polas uvas entregadas. Convocar á Mesa do Viño coa finalidade de acadar acordos neste ámbito. Impulsar actuacións coa finalidade de garantir a existencia de contratos homologados nas diferentes denominacións de orixe vitivinícolas para a presente campaña, nos que se establezan os prezos en función das variedades, graduación, etcétera e demais cuestións que pacten as partes. Que as axudas ao sector industrial estean vinculadas á existencia de contratos homologados no que os acordos que a través do IGAPE, ou calquera outro instrumento se establezan, non estean avalados polos propios produtores.*

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que este é un tema bastante preocupante. Na súa comarca a xente do sector pediu unha reunión, aínda que estes días se vendeu un acordo non que se recolle que as bodegas van recoller aquelas uvas que non tiñan garantidas os propios viticultores, pero non din cal é o prezo que se vai pagar. Aínda que é unha mala saída é mellor que ningunha. Hai que dicir claro e algo que non se lles pode dicir aos viticultores o que se lles estivo dicindo todos estes anos, que cambiaran as cepas por castes con máis calidade, que agrupasen os viñedos, que non podían vender o viño que non tivese contraetiquetas. Unha vez feito todo isto por parte dos viticultores e sacando un viño de excelente calidade, agora teñen a pouca vergoña de nin sequera ser capaces de que lles recollan o seu propio produto e isto é intolerable. Hai moitos mozos que por non ter outra saída colleron as viñas dos seus pais ou dos seus avós para buscar unha saída laboral, pero dada a situación actual din que é mellor cortalas e facer un campo de fútbol. A actual conselleira de Medio Rural só ten o nome, porque non sabe o que é o medio rural. Será do mar (si), estará cos incendios (daquela maneira), pero do medio rural non coñece nada. En 2006 chegouse a un acordo, que podía ser mellorable, de mínimos para ter unhas bases para que puideran ter un contrato homologado e así poder saber os prezos que ían cobrar e desde o ano 2006 non só non saben o que van cobrar, senón que non saben se lles van recoller. Antes se lles pagaban a 0,80 as uvas comúns e as outras a un euro e pico, agora se pagan 0,20 están dispostos a vendelas porque senón terían que tirar con elas. Non se pode xogar co sector primario que tanto defendemos e que non ten outra saída por moito que pensemos nesta provincia. Hai que tirar polas industrias pero por este sector tamén hai que tirar e o único que facemos e tiralo pero ao lixo. Isto hai que llo transmitir a quen corresponda para que non volva pasar, porque de seguir

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

así a xente abandonará os viñedos, ou como fixeron o outro día que depositaron as uvas diante da delegación da consellería. Por último di que hai un delegado territorial que é o que ten que transmitirles estas cousas a quen corresponda e que é o encargado de abrir esas negociacións. O Grupo Popular ten que ter a sensibilidade suficiente para entender o que din os nosos viticultores.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que o problema é complexo, pero non se pode poñer en dúbida que a Consellería do Medio Rural sexa firme defensora dos contratos tipo homologados. Os problemas son similares pero hai diferentes peculiaridades nas distintas denominacións de orixe. Cónstalles que a actividade do sector agrario está moi condicionada polo medio natural e que leva consigo riscos, tanto polas características do proceso produtivo como polo carácter perecedeiro dos produtos, o que supón un elevado grado de incerteza na actividade. Por tratarse de procesos biolóxicos, os ciclos produtivos son longos e a produción estacional. Polo xeral, como os produtos son, polo xeral, perecedeiros, a súa oferta presenta rixidez e falta de adaptación á demanda, e quizá no viño máis. Por outra parte, a industria transformadora destes produtos está á súa vez condicionada polas oscilacións de oferta dos sectores primarios dos que se prové, o que incide negativamente na adecuada utilización da súa capacidade produtiva. No sector vitivinícola esta problemática é especialmente acusada: a produción de cada ano, tanto en cantidade como en calidade, está moi condicionada polas condicións climáticas (a choiva de hoxe é moi boa para moitas cousas, pero ao mellor non é boa para a vendima) e todas as transaccións anuais entre produtores e adegas prodúcense nun curto espazo de tempo de apenas unhas semanas. Estas especiais características do sector agrario e, de forma particular, do sector vitivinícola, fan que a Consellería de Medio Rural teña feito unha clara aposta polo impulso de accións conducentes á existencia de contratos tipo homologados, porque entende que dotan de transparencia ao mercado e lles dan garantía aos produtores de que a súa produción vai ter comprador e cunhas condicións que están previamente pactadas, e son tamén positivas para os industriais, porque lles garanten unha subministración de materia prima dunha calidade e cun prezo previamente pactado. A existencia dunha comisión de seguimento paritaria, que dilucida os casos de controversia entre as partes, e a posibilidade de acudir á arbitrase da consellería, son unha vantaxe adicional da utilización dos contratos homologados. Esta aposta da Consellería de Medio Rural pola existencia de contratos homologados tense materializado de diversas formas: por unha parte, nas liñas de axuda ás industrias agrarias, a Consellería, nos sectores nos que existe contrato homologado, prioriza os expedientes das empresas que se acollen a eles; por outra parte, a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

consellería está a desenvolver unha actuación moi intensa para propiciar acordos nos distintos sectores, convocando ás partes a reunións, presidindo e ordenando os debates. Así, no que vai de ano, houbo xa cinco reunións co sector da DO Ribeiro e outras tantas na DO Rías Baixas, nas que a consellería tratou de que as posturas entre as partes se achegara. Ademais, para facilitar e incentivar os acordos nestas reunións a consellería comunicoulles aos interesados os traballos que se están a realizar, en colaboración co IGAPE, para crear unha liña de apoio financeiro a 3 anos para facilitar o crédito para a compra de uva ás adegas. Froito dese intenso traballo foi a sinatura do acordo do sector na DO Rías Baixas, recentemente, e polo que respecta á DO Ribeiro, o pasado 25 de setembro tivo lugar a quinta reunión da mesa de negociación dos representantes do sector, convocada pola consellería. Tras intensos debates chegouse a un acordo que asinaron as tres organizacións agrarias (Xóvenes Agricultores-Asaja, Unións Agrarias-UPA e Sindicato Labrego Galego) e un importante número de adegas, ás que, seguramente, se sumen algunhas máis. Está previsto que nos vindeiros días se aprobe a orde de homologación, que vai cubrir as campañas vitícolas 2013, 2014 e 2015, que posteriormente se publicará no Diario Oficial de Galicia. Polo tanto, non poden aprobar esta moción, porque entende que neste momento, coas actuacións que se están levando a cabo, sería extemporánea.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, é certo que na DO Rías Baixas non hai moito que se publicou o contrato tipo para a compra-venda de uva, pero coa DO Ribeiro o BNG cre que non están tan encamiñadas as negociacións. O Partido Popular declarouse incompetente de cara a dotar ás comarcas vitícolas dun contrato homologado (vixente ata 2012 grazas ao labor do bipartito do que tanta morriña ten o Sr. Álvarez Dobaño, porque se lembra del en todos os plenos). Con tristeza observan como novamente as comarcas como O Ribeiro quedan atrás neste ámbito así como a promoción comercial dos seus produtos, nos que o labor da Xunta dende 2009 foi practicamente inexistente, mentres que si conta todos os anos con este instrumento a DO Rías Baixas. Cren que existe unha discriminación das nosas denominacións de orixe, e concretamente a do Ribeiro. Se é verdade que as negociacións están tan avanzadas e, polo tanto, esta moción non ten sentido, agardan que rematen pronto porque a recollida da uva está aí xa.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que a el lle vale con que a conselleira empece a traballar xa, porque os datos que lle pasan ao Sr. Álvarez Dobaño son moi bonitos nos papeis, pero a realidade é outra, non pisa a zona, non sabe e non coñece. Como ben di o deputado do BNG a DO Rías Baixas leva recibindo cantidades inxentes de cartos públicos durante moitos anos, aínda que agora teñen os problemas da sobredimensión

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

porque creceron máis do que debían, pero ese é o seu problema. Espera que cando menos se volva intentar con toda contundencia chegar a ter ese contrato homologado, porque se o sindicato Unións Agrarias non loitara por isto a estas horas non se terían sentado as partes na mesa e quedarían sen recoller as uvas. Isto non pode pasar cando se está xa na vendima. Pídelle ao Grupo Popular que aínda que non faga súa esta moción, que si comparte o Grupo Socialista, lles faga chegar estas demandas aos responsables que procedan.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do BNG**, di que comparten os bos desexos dos grupos da oposición para que isto se solucione da mellor maneira posible e que teña unha continuidade no tempo. Pensa que os problemas do viño (como os de calquera outro sector) non se arranxan porque os visite o cargo de quenda. Cónstalle que a Sra. conselleira e o seu equipo están facendo un labor impresionante.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

**12º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2013.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia nos meses de maio e xuño de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2013.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos meses de maio e xuño de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**14º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Trala unánime declaración da súa urxencia, tratáronse as seguintes mocións:

**14ºA.- MOCIÓN DO BNG PARA A TOMA DE MEDIDAS PARA PALIAR OS DANOS POLA VAGA DE LUMES.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez, para que defenda o contido da moción.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *Os incendios forestais son froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización da Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural. A política forestal e agrogandeira do PP non só é destrutiva coas potencialidades do agro galego, ao expandir a desertización e abandono de amplas zonas do territorio e tamén permitir a introdución de masas forestais con especies pirófitas (como o piñeiro e o eucalipto) en zonas próximas aos asentamentos de poboación, senón que ademais contribúe a alimentar os factores que propician os incendios forestais. Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos para subvencionar o abandono da actividade agraria, co que moitas comarcas do país ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, sen un mínimo cultivo e propiciando con iso a propagación explosiva de incendios forestais. O mapa das zonas máis afectadas polos incendios dá proba diso, a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país. O actual Goberno galego acometeu medidas que agravaron a desprotección do territorio e das persoas ante a ameaza dos incendios forestais. Por unha banda promoveu medidas lexislativas consistentes na eliminación ou redución considerábel das distancias de separación das plantacións forestais aos núcleos rurais, na autorización de novo das plantacións de masas continuas de especies pirófitas, na supresión de faixas de especies frondosas que actuaban de corta lumes, ou na eliminación de medidas que pretendían implicar á poboación na xestión e defensa do monte, como son a desaparición do voluntariado do monte ou das axudas para brigadas de prevención das propias comunidades de montes, entre outras. Por outra banda, os recortes indiscriminados aplicados polo PP desde 2009 tamén afectan de cheo a un dispositivo de emerxencias e seguridade, como é o da loita contra o lume, que retornou a un nivel de recursos similar ao de hai unha década, agravado por unha nefasta xestión administrativa que demorou o seu desenvolvemento até moi avanzada a época de alto risco, así como a case total*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

*eliminación de actuacións preventivas básicas, e finalmente, retomou un modelo de dispositivo fracasado, co regreso de brigadas municipais, sen unhas mínimas esixencias profesionais e que favorecen a fragmentación do mando único do dispositivo. O monte volve estar desprotexido, o PP teima en políticas que arredan a poboación do rural da xestión e a implicación vital e económica co monte, e que favorecen un modelo produtivo intensivo sen ter en conta unha mínima ordenación dos cultivos. Como resultado, hai máis combustíbel nos montes e terras de cultivo que nunca, hai máis perigo preto de núcleos poboados polo abandono fomentado das terras agrarias que circundan os núcleos de poboación e mesmo por conceder de novo axudas públicas á forestación de terras agrarias a menor distancia dos asentamentos rurais. Á vista disto, non cabe parapetarse exclusivamente no proceder delituoso de pirómanos e incendiarios. A investigación e persecución dos autores dos incendios é inescusábel e tamén prioritaria, máis tamén o son a adopción de políticas e medidas que preveñan e minimicen os efectos dos incendios forestais. A política contra os lumes forestais dos goberno do PP baséase exclusivamente en apagar lumes, mesmo de xeito deficiente dadas as restricións orzamentarias aplicadas aos servizos de extinción, tamén a custa dunha falsa austeridade que se emprega para afogar o financiamento de servizos públicos básicos ao tempo que se prodiga en rescatar con fondos públicos á banca. Non hai política forestal preventiva, planificación de cultivos, ordenación territorial, colaboración coa veciñanza do medio rural para vixiar e protexer o monte, hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de orde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza. Por todo o dito, propomos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción. 2º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos: -Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes. -O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

*cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas. . Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva. -Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento. -A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como desprezar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal. -Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes. 3º.- Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais, consistente en: -Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etcétera). -Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume. -Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas. -Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos.*

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, manifesta que os incendios, non os incendiarios (o goberno do Sr. Feijóo acaba de descubrir que agora os incendios os provocan os incendiarios) lévannos custado vidas humanas, vivendas, bens, facendas, o noso patrimonio forestal, incalculables perdas ambientais, a destrución da paisaxe de Galicia, a diminución da biodiversidade galega, millóns de euros queimados e absolutamente improdutivos, a hipoteca do noso desenvolvemento futuro e a degradación do noso país. Non cre que isto sexa unha visión apocalíptica, senón adaptada á realidade, porque lle consta que moitos alcaldes que están sentados na bancada de enfronte sufriron nos seus concellos os estragos deste ano. O monte é un sector estratéxico para a sustentabilidade ecolóxica e social do noso país. Os incendios causan graves prexuízos ambientais, sociais e económicos. Seguen a ser un dos principais problemas da nosa terra. Non é posible avanzar na solución deste problema que nos atinxe a todos e todas sen tres piares fundamentais: información, educación ambiental e participación social, para isto o goberno do Partido Popular destina escasos recursos. Os incendios deberían tratarse como un asunto de país, fuxindo da utilización partidista, a demagogia e o curtopracismo. Ningún goberno pode resolver os lumes nunha lexislatura, pero tampouco botar por terra o compromiso que outras forzas políticas puxeron en marcha na lexislatura do

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

bipartito. Cómpre pois un amplo consenso político e social na loita contra os lumes. Pero o que non se pode facer é mirar cara outro lado, desatender as políticas do medio rural e do medio ambiente, e como saben ben os que son alcaldes, porque os sofren cada ano a base de recortes, acabar cun problema endémico deste país, con múltiples intereses, case sempre económicos, dende moitas fronteas, incluída a propia administración, local autonómica e provincial. Os lumes son responsabilidade de quen goberna en cada momento, e dáse a casualidade de que o Partido Popular sempre agocha a cabeza detrás do “y tu más” ou se ardía máis en non sei que ano, deixando de lado a máxima de que con cada incendio perdemos todos. Nesta institución na que nos atopamos e na que leva gobernando o Grupo Popular por tempo inmemorial e cun tema tan preocupante que mesmo están en xogo vidas humanas, sen contar co patrimonio particular e público xa de por si importante, teñen que asumir a parte que lles corresponde de responsabilidade e esixirlle á Xunta de Galicia máis cartos. Dille ao Sr. presidente que non se pode frivolar, e moito menos dicir como dixo o presidente da Xunta nun acto de irresponsabilidade e case rozando a *chabacanería* que esta campaña era moi eficaz. Esas verbas, en plena campaña, son propias dun mal gobernante, e dun indolente e dun insensible. Dende o rural e dende o interior de Galicia, dende esta provincia que está no furgón de cola do mellor e na dianteira no peor, teñen que manifestar que esas afirmacións son frívolas e ordinarias, porque ese presidente representa a todos os galegos e galegas, tamén aos da provincia de Ourense, aos de Cualedro, Vilamartin, Allariz, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, Baixa e Alta Limia, Ribeiro, Monterrei ..., aos de cada comarca e cada recuncho, de cada aldea deste país, onde se produciu un incendio se é de mais de 20 Has ou un conato se non superaba tal cifra. Vaia formula máxica para medir. Para ela (opinión particular): pura idiotex humana iso de traducir ou reducir a cifras e porcentaxes á vida das persoas e do medio ambiente. Dende o Partido Socialista, que tamén ostentou tarefas de goberno, saben que faltan os tres principios fundamentais que xa nomeou, nun problema que ten múltiples causas. Políticas forestais erradas, planeamento do territorio errado, destino de fondos para prevención insuficientes, desmantelamento e posterior abandono do rural, a natureza non pode coidar de si mesma, e por se todo fora pouco, falta de fondos para tarefas de extinción que este ano volveron coa cara máis amarga, falta de recursos humanos, empresas públicas e privadas mesturadas nun medio hostil que para moitos dos operarios contratados era descoñecido, non coñecen o monte, nin como actúa o lume, por non falar que os EPI non eran os axeitados e mesmo ían vestidos cos traxes da construción, e eran apartados polos axentes forestais que eran coñecedores do tema. Coinciden coa moción do BNG e anuncia que a van apoiar.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que, persoalmente, non lle gusta falar deste tema porque non se pode facer bandeira política con este asunto. O guión esixe que hoxe se fale disto e pretenderá facelo con datos, con opinións de partido e de goberno da Xunta de Galicia. Di isto con todo o respecto e sen repartir culpas a oito, porque xa se avanzou o de “y tu más”. Os datos hai que comparalos e non podemos dicir unha cousa cando se está no goberno e cando se está na oposición dicir outra. É curioso que o BNG (igual que a Sra. Lama) xa saiban cal é a orixe dos lumes, cando todo o mundo apunta a unha multicasualidade na orixe e a un só punto de concreción de todas esas causas: a existencia de persoas que lle plantan lume ao monte (máis dun 80% dos lumes son provocados pola man do home). Unha soa persoa pode mover a miles en toda Galicia. É curioso que as áreas de Galicia que menos arden son as que se especializaron na plantación de especies de crecemento rápido (como a Mariña de Lugo) e que fixeron un importante esforzo de xestión do monte de forma coordinada entre os propietarios. Quen incrementou dun xeito sensible os fondos para axudar á incorporación dos máis novos aos eidos produtivos, foi o Partido Popular de Galicia. Así, entre 2009 e 2012, o goberno do PP incrementou de forma sensible as axudas á mellora das explotacións e aos agricultores mozos, superando en máis dun 70% con respecto aos anos do bipartito. Invita á oposición a que compare os datos desde 2006 ata 2011. Ademais, non é certo que as comarcas que manteñen actividade agraria son as que menos incidencia de lumes teñen, como a do Deza (en concellos como Rodeiro, Dozón ou Agolada) ou a área de Mazaricos, comarcas de interese agrario. Non se reduciron distancias de plantacións. A modificación da lei trouxo unha clarificación das distancias e da xestión da biomasa nelas; sinalouse a necesidade de efectuar as medicións desde as liñas de solo urbano ou de núcleo rural e clarificouse a situación de moitas vivendas que se atopaban fóra de ordenación. A existencia de especies pirófitas ou frondosas non reduce ou aumenta per se a sucesión de lumes. Existen amplas zonas plantadas con especies pirófitas que non arden (norte de Lugo e A Coruña) e zonas de especies frondosas que si o fan cando se lles planta lume (claros exemplos os de non hai moitos días). O voluntariado do monte non desapareceu e mesmo se acrecentou: continúa o programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; asinouse un convenio coa Federación Galega de Caza e máis de cara ao vindeiro ano. Non desaparecen as axudas para comunidades de montes: séguese apoiando a realización de labores de prevención nestes espazos con máis de tres millóns de euros. Non existen recortes no dispositivo de extinción. O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2013) presenta unha continuidade, nas súa liñas xerais, con respecto ás últimas campañas anti-incendios, sendo tanto os medios

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

humanos como os materiais moi semellantes aos empregados en anos anteriores: o número total de efectivos mesmo se incrementa en 19 persoas e unha brigada máis. En todo caso, cómpre destacar que se consolida o persoal funcionario e laboral fixo e fixo discontinuo da Xunta. Lembra que quen si se fixeron recortes no ano 2006, de negro recordo, coas consecuencias que toda Galicia coñece, e daquela a Dirección Xeral de Montes anunciou en nota de prensa a redución dun 34% nos medios humanos, un 30% nos helicópteros e a cancelación do convenio con Defensa, e eran outros tempos. Non é certo que se contratase tarde, as brigadas estiveron operativas, agás algunha disfunción nalgún concello polos procesos selectivos, estando todas operativas a principios de agosto. As brigadas municipais dispoñen da mesma formación e medios que calquera das incorporadas en épocas de alto risco no pasado. Tampouco é certo que se abandonase a prevención, e este ano chagarase ás 60.000 Ha coas subvencións e o fomento desa actividade. Non é certo que necesitemos un mando único, porque xa o temos. Di a oposición que o monte volve estar desprotexido, e el cre que con ler a Lei se darán conta de que isto non é así. Ten que dicir tamén que eles non desvían a atención cara aos incendiarios para fuxir das responsabilidades. Si constatan unha realidade, compe poñer exemplos de casos senlleiros de posible orixe provocada, como nos seguintes casos: O Barco de Valdeorras (18 de agosto) coa existencia de 20 focos simultáneos ao longo dun quilómetro; Boborás (22 de agosto) existencia de tres artefactos incendiarios (velas) na zona de orixe do incendio. Cualedro (24 de agosto) existencia de dous focos iniciais distantes 500 m sobre as 12.00 da mañá (Vilela), ao que hai que sumar a saída dun terceiro foco paralelo ás 5.00 da tarde (A Xironda) e a detección de dous lumes máis ás 11.00 da noite (Montes); As Neves (24-25 de agosto) existencia de cinco lumes en menos de seis horas; Ribeira (27 de agosto) existencia de cinco focos diferentes e separados pola autovía do Barbanza. Estes son datos reais e non se pode facer demagogia nin con un nin con outros. Alguén, alá polo ano 2006, dicía *“repulsa ao terrorismo incendiario e os incendiarios non deben quedar impunes”*. Tamén houbo quen dixo *“temos que utilizar a columna vertebral dos medios que xa había e, o máis importante, adoptar unha loita sen cuartel contra os pirómanos e os delincuentes incendiarios que están facendo unha actividade criminal que empobrece o país, que o desertiza e acaba provocando a morte de persoas. Penso que detrás do lume hai moitas mans negras que queren facer dano queimando, e nunca mellor dito, porque esas mans negras acaban ennegrecendo o país. O que detecto claramente desde o ano pasado é que hai unha desafortada actividade delituosa para queimar os montes, e temos que tomar nota para combatelo coa lei. O lume nos montes non responde a*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

*unha fatalidade, senón a unha actividade delituosa desafortada*”. Isto o dixo Alfredo Suárez Canal.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que se o actual presidente da Xunta non ten culpa dos lumes, Alfredo Suárez Canal tampouco en 2006. Entende que non guste falar disto, porque detrás de todo isto hai cartos. Ao Partido Popular interesoulle volver crear as brigadas porque así teñen a esa xente de man para outras cousas. Pregúntase por qué nalgúns casos se externalizou a contratación desas brigadas con algunha empresa dun membro directivo do PP en Ourense. Tamén se pregunta por qué ese servizo que din que se trunco en 2006 foi privatizado e hoxe os medios de extinción están compartidos por unha empresa de medios aéreos e unha empresa do país de xestión máis ben de formación e non está no dispositivo da Xunta de Galicia, e todos sabemos que os medios aéreos son os que máis recursos consumen. En 2006 o presidente da Xunta estaba con mocasíns e con manguera. El estivo en varios incendios e cando el e os seus compañeiros acababan de rematar unha fronte o único que querían era beber e as brigadas municipais abrían a mochila e sacaban unha cervexa e aí está a diferenza. Pide respecto para un dispositivo que non se desmantelou e no ano 2007 houbo un dos mellores dispositivos de incendios, os datos de 2007 e 2008 foron bos e non por motivos de meteoroloxía. En canto á Mariña de Lugo di que se se ve todas as mañás o IRDI (índice de risco diario de incendios) nese lugar é o máis baixo pero non porque se plantasen eucaliptos e piñeiros, senón porque as condicións medioambientais da zona non favorecen a existencia de lumes. En canto ás axudas á prevención, pregunta se se refire a que en 2.000 Ha de monte veciñal se poidan facer rozas de 20 Ha, porque isto é o único que favorecen. Falando de prevención, pregunta tamén se as brigadas municipais contratadas non tiñan que facer prevención. Cre que tiñan 8 Ha pero non incluían rozar ao lado da piscina municipal nin os pobos para as festas, senón que incluía rozar zonas importantes onde puidese atravesar o lume. Coñece o Pladiga de 2013, e os seus obxectivos eran reducir nunha porcentaxe o número de grandes incendios, superior ás 500 Ha e, loxicamente, non se cumpriu; reducir o número de incendios independentemente da superficie, tampouco se cumpriu. Recoñece que os incendios son culpa dos incendiarios, pero tamén son culpa dos dispositivos e da prevención. O Sr. Álvarez Dobaño dixo que onde hai eucalipto non arde, e ponlle como exemplos Muíños ou Lobios. Pregúntalle cantas zonas do seu concello seguen coas plantacións do patrimonio forestal do Estado dos anos 50, e el mesmo responde que ningunha, porque nese momento había gando e o patrimonio forestal do Estado o que fixo foi plantarlles aos montes e de aí ven a maior parte da problemática deste país. Non vai entrar en estudos de por qué arde o monte,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

porque hai xente con máis coñecementos que el sobre o tema, pero pide que non se lles bote a culpa aos políticos. O BNG di que os políticos se están a equivocar na planificación forestal do país, non di que prenden o lume, en cambio o PP si o fixo no seu momento. En canto á lei que se nomeou pregunta se foi a Lei de incendios que aprobou o bipartito ou a de montes (que modificou a de incendios) que aprobou o Partido Popular en 6 meses; unha lei que calca a de montes do Estado. Pregúntase qué similitude pode ter o noso país cos montes andaluces. Quitaron esa lei porque era un compromiso que tiñan cos votantes, independentemente de para o que servise. O problema para que nos pequenos concellos non se cumpran as faixas de xestión da biomasa, porque os alcaldes non se queren enfrontar aos veciños e dicirlles que teñen que manter limpos os seus montes, porque se llo fan limpar despois non os votan. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que ten razón cando di que non lle gusta falar disto, porque teñen moita culpa do que pasa neste país.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, di que non fai falla abondar no que xa dixo o compañeiro do BNG, pero algo terá que ver que este ano se reducise a franxa de protección do perímetro de seguridade dos núcleos poboados de 100 m a 50 m. Este ano a Xunta de Galicia non fixo os traballos de prevención nos montes, ou iso é o que lles traslada xente que traballa nas consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente. Os convenios cos concellos fanse xa metidos no verán, polo que moitos concellos a día de hoxe aínda teñen os traballos sen facer, e moitos van ter que devolver os cartos asignados que proveñen de fondos europeos. -Aprobaron subvencións para roces nas comunidades de montes e a gran maioría aínda non se fixeron. A contratación do persoal debería facerse só a través do servizo de incendios. Deste xeito os traballadores serían profesionais do sector que cada ano acadarían experiencia e sumarían puntos para traballar o ano seguinte, sen ter que depender dos caciques de quenda que lle venden o traballo coma un favor e logo lles quitan a metade do soldo. Os alcaldes saben ben do que está a falar. Este ano traballaron nos lumes brigadas da Xunta, de SEAGA, dos concellos e de varias empresas privadas, algunha de Madrid (xa lle dirán qué coñecemento pode ter esa xente deste territorio, nulo). Non se pode pedir máis descontrol. Non é de estrañar que o presidente frivolicie sobre esta cuestión e que lle abonde con afirmar que este ano arderon tantas ou tantas hectáreas menos. Se tivese un pouco de vergoña asumiría os erros e despois esixiría responsabilidades nas consellerías correspondentes e poñerse a traballar para o vindeiro ano, porque como dicían os vellos “os lumes apáganse no inverno”. Polo que respecta a esta institución, e baseándose nun recente estudo feito polos técnicos desta casa, segundo dicía o Sr. presidente, temos 1.840 quilómetros de estradas de titularidade provincial,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

"unha ampla rede de comunicación que temos a obriga de manter con altos parámetros de calidade e seguridade". Pregunta qué quixo dicir. Gustaríalles saber se esas estradas están limpas como esixe a lei, se cumpren cos parámetros de limpeza deses 2 m desde a zona de explanación para que as propias estradas actúen como corta lumes. Moito *autobombo* e moito traballo sen facer, mentres estamos nos mellores postos de destrución de patrimonio natural de España. Somos unha potencia en superficie madeireira e o Partido Popular ten a tixola polo mango e o mango da tixola tamén. Pídelles que fagan o seu traballo. Rosa Quintana Conselleira do medio Rural, dixo nunha cadea de radio que isto non ía servir como debate político; non serve cando goberna o Partido Popular pero si lle serve cando non gobernan. Por certo, o Consello Galego de Medio Ambiente, que por lei debe reunirse semestralmente, leva sen facelo case un ano, e o Observatorio Galego da Biodiversidade, de periodicidade anual, leva sen convocarse dende o ano 2010. A austeridade do Sr. Feijóo tamén fai recortes no cumprimento das leis. Pídelles que gobernen porque do contrario terán que acusalos de deixamento de funcións, e, sobre todo, de incumprir o Pladiga 2013 que por certo é un documento moi bonito, de 140 follas, que como xa dixo o compañeiro do BNG reflicte que a incidencia dos lumes foi bastante menor cando gobernaba o bipartito. Non lles gusta faltar á verdade e pensa que as inclemencias meteorolóxicas que apareceron no día de hoxe, que é a mellor loita contra o lume, a propia choiva, pero moitas veces fai tanto dano como o lume, porque arrastra materia vexetal e a propia cinsa, afogando canles do río e mesmo as rías do noso país. Votarán a favor da moción, e vanse deixar de demagogia, reiterándolle ao grupo de goberno que se poña a traballar porque a política que se leva a cabo desde a consellería non dá froito.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non acertan unha e que o deben facer todo moi mal. As brigadas municipais, ás que puideron acceder todos os concellos (incluídos os que non están gobernados polo PP), aumentáronse en 20 ou 30 máis para poder atender todas as peticións. Despois está a responsabilidade de cada concello e de quen o goberna. Lembra que son 5 Ha por brigada as que hai que rozar en camiños que non poidan ser rozados con medios mecánicos. Non se pode facer norma de quen non cumpra coas súas responsabilidades, porque hai quen cumpre ao pé da letra. Con respecto á lei de montes di que se non lles gusta que a fixeran cando gobernaban, que estiveron case catro anos, eles cúmprena e se algún día se modifica haberá que acatala como calquera outra lei. En canto aos datos que deu a Sr. Lama Fernández, di que no ano 2006 (datos oficiais) houbo 6.177 lumes con 91.423 Ha ardidadas; a media 2003-2012: 4.600 lumes con 23.000 Ha ardidadas. En resumo, desde o 1 de xaneiro arderon en Galicia (desgraciadamente e non presumen disto) 16.710 Ha, a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

metade da media dos últimos 25 anos. Malia isto, os populares están profundamente insatisfeitos, e o din de verdade, non para quedar ben, porque cada hectárea queimada é unha mala noticia. Feijóo dixo: Galicia non arte, a Galicia quéimana, palabras que subscribe o Grupo Popular, igual que o subscribían cando o dixo o Sr. Suárez Canal. Para nada hai privatización dos servizos, TRAGSA e SEAGA son empresas públicas (SEAGA a creou o bipartito) e os concellos teñen a opción de contratar as brigadas directamente con procesos selectivos, como os que houbo. O problema de Galicia non son as políticas forestais son os incendiarios. Os criminais non se paran con políticas forestais, senón coa lei. Este verán arderon en Galicia zonas onde había aproveitamentos do monte, que estaban limpas e ordenadas. Iso non é culpa das políticas forestais, senón de quen prendeu o lume. Dálle a impresión de que a oposición só busca imputar responsabilidades políticas do PP. Casualmente, é a mesma oposición que gobernaba no ano 2006, e se antes o PP non foi acertado nas críticas agora non o está sendo a oposición.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, cando o PP chegou a Xunta, ou a ocupou, colleu a súa responsabilidade, porque ocupar, segundo unha das acepcións da Real Academia Galega, é coller responsabilidades. Enriba da mesa da consellería había un anteproxecto da lei de montes que contaba co consenso do Consello Forestal de Galicia (que agora non ten e foi aprobada igual). En canto á privatización di que si a hai, e sobre todo do groso do pastel, que son os medios aéreos, e entregáronlles a parte económica importante a empresas de fóra. En canto a que a política forestal non ten que ver cos incendios que o que ten que ver é a man do home, di que se temos 2.000 Ha poboadas unicamente con piñeiro (altamente pirófito) con escasa rede de corta lumes e pistas e se dá a circunstancia dun día no que hai moitos incendios e os medios non chegan van arder as 2.000 Ha, pero se non houberese esa continuidade de masas pirófitas, pararía nas carballeiras, ou se ralentizaría e se podería parar mellor. Política forestal tamén é a lei do banco de terras, ou o que agora lle chaman SOFOR que eran antes as unidades de xestión forestal, que ninguén as quere ver diante. Política forestal tamén é tratar de que a xente nova traballe no rural e non mandalos coa maleta para o estranxeiro. O Grupo Popular non está de acordo coa moción, pero pensa que co realmente non están de acordo é con que o problema dos lumes en Galicia sexa estrutural, é culpa do que ten o chisqueiro, entón haberá que presentar unha moción para evitar que se vendan mistos, chisqueiros e materiais inflamables.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

**14ºB.- MOCIÓN DA PRESIDENCIA PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE OS PROXECTOS DAREDO E DEPUTRANS.-**

O Sr. secretario dá lectura á moción da Presidencia, co seguinte contido: “A Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ven de comunicarlle a esta Deputación Provincial o inicio dun procedemento de reintegro das subvencións do FEDER recibidas a través dos proxectos Daredo e Deputrans a través do programa de iniciativa comunitaria INTERREG III A. A incoación do dito procedemento baséase no informe de investigación realizado pola Oficina Europea de Loita Antifraude, cuxo resultado foi comunicado a esta Deputación pola propia Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, a cal iniciou o expediente referido seguindo a recomendación da OLAF. Sen prexuízo de que esta Presidencia non comparte as conclusións recollidas no informe da OLAF e considere por isto que non existen razóns para a iniciación dun expediente de reintegro por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (expediente no cal a Deputación formulará as oportunas alegacións, solicitando o seu arquivo) é evidente que ante as conclusións alcanzadas polos investigadores da OLAF resulte procedente a apertura dunha investigación interna que permita o total esclarecemento dos feitos relativos á xestión dos ditos proxectos. Polo exposto propónse que trala declaración da urxencia do asunto o Pleno adopte o seguinte acordo: Crear unha comisión informativa de carácter especial cuxo obxecto será o estudo da xestión dos proxectos Daredo e Deputrans, levada a cabo por esta Deputación Provincial. A dita comisión informativa especial axustarase ás seguintes regras: a) A comisión estará integrada polo presidente, ou deputado no que delegue, e un representante de cada grupo político e de conformidade co establecido no artigo 103.1.b) en relación cos artigos 68 e 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 6.1 do Regulamento Orgánico da Deputación a comisión funcionará en réxime de voto ponderado, coa seguinte desagregación: Presidente: 1 voto, Grupo Popular: 4 votos. Grupo Socialista: 3 votos, BNG: 1 voto. b) A designación dos representantes da comisión corresponderalle a cada grupo político, mediante escrito dirixido á Presidencia polo portavoz de cada grupo, no que se poderán incluír os suplentes que se consideren necesarios. c) A primeira sesión da comisión será convocada o luns, 30 de setembro e terá lugar o xoves, 3 de outubro. A comisión levará a cabo o seu traballo conforme co calendario de sesións que estableza a propia comisión, debendo rematar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

*o seu labor coa emisión dun ditame no prazo de 1 mes. d) A comisión poderá solicitar os informes e asesoramentos que considere oportunos, así como acordar a práctica das probas que se estimen pertinentes para o esclarecemento dos feitos. e) Os empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial estarán obrigados a comparecer ante esta comisión co obxecto de prestar declaración se así se lles require”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) ven de confirmar os seus peores temores políticos. Unha vez máis a Deputación de Ourense presidida polo señor Baltar, - antes o pai e agora o fillo-, ten actuado vulnerando a lei, neste caso por un uso indebido de fondos europeos, o que motiva unha multa por fraude de 10.123.053 euros. De novo o Partido Popular, que acusaba ao Bloque Nacionalista Galego de prexudicar a imaxe de Ourense, pon a Deputación Provincial no foco como exemplo de malas prácticas (por máis que contrate asesores externos para iso). O informe é de tal contundencia que para o BNG non deixa lugar a dúbidas de que se cometeron graves irregularidades, algo que xa sospeitaban. A contundencia é tal que fala de irregularidades administrativas tanto na adquisición de depuradoras como na adxudicación de contratos de asistencia técnica e dá un paso máis concluíndo que os feitos constatados poderían ser constitutivos de delitos de prevaricación e tráfico de influencias. É tal o cúmulo de irregularidades, como simulación de contratos, información privilexiada por parte dunha determinada empresa, adxudicacións feitas antes de sacar os concursos, falsificación de documentos, que non deixa lugar a dúbidas. Parécelles que á vista deste informe alguén ten que tomar medidas. Vanlle esixir ao presidente desta entidade que se querele contra os anteriores responsables políticos, que o Sr. Feijóo cese inmediatamente ao superdelegado, que daquela era vicepresidente desta institución, e que os deputados, que son corresponsables, ben co seu apoio expreso ou co seu silencio cómplice, non deberían estar nin un minuto máis nesta institución. En todo caso, se houbera que devolver eses dez millóns de euros, piden que non se carguen no debe dos cidadáns de Ourense, que xa bastante teñen coa que está a caer e que sexan os responsables políticos os que respondan patrimonialmente desa multa. En canto á comisión, está claro que a estas alturas non ten sentido, porque o informe da OLAF é concluínte e non deixa lugar a dúbida. Para o BNG os únicos responsables son os anteriores responsables políticos (os que xa non están e os que seguen estando), e dada a gravidade dos feitos, alguén debería tomar nota e mover ficha. Pídelle ao Sr. presidente, como garante da defensa dos intereses dos cidadáns, e se se reabre un proceso xudicial, como así agardan, que se presente

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

como acusación particular. Na acta do Pleno do 27 de abril de 2012 o BNG facía a seguinte pregunta: *¿ten pensado a Presidencia, a raíz da información aparecida en distintos medios de comunicación, onde se establece unha vinculación entre a empresa adxudicataria das depuradoras e familiares de persoas que daquela ostentaban cargos de máxima responsabilidade nesta Institución, convocar unha comisión de investigación?* A resposta do Sr. presidente é a seguinte: *con respecto á terceira pregunta responde que non ten pensado convocar unha comisión de investigación, e reafirma que a publicidade e a transparencia é máxima, xa que en calquera momento a oposición pode acceder á totalidade do expediente e unha vez examinado que quiten conclusións (que xa as quitou agora a OLAF) que procedan e dicir por qué razón cren que houbo algún problema nesa tramitación. En canto á última pregunta responde que se houberse lugar a algún tipo de responsabilidade estaría disposto a demandarlle a quen sexa esa responsabilidade.* Dille ao Sr. presidente que agora é o momento de facer demanda desas responsabilidades e de non facelo a Presidencia terano que facer outros.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que lle parece que o Sr. presidente ten moi pouca vergoña e ten a cara moi dura ao presentar esta moción sen ter falado sequera cos portavoces dos grupos ante un tema tan grave como este. Di isto porque o Grupo Socialista presentou no seu momento a mesma moción que o Sr. presidente trae agora aquí e daquela dixo que no había nada que investigar: Agora preséntase nesta Deputación o problema máis grave dos últimos anos, e o Sr. presidente é o responsable de facer cumprir o que di este informe, que é trasladalo ao sitio que corresponde, e non vir con comisións de investigación para salvar a súa cara, pero o Grupo Socialista non lle vai salvar a cara. Cando non aceptou daquela crear a comisión de investigación cometeu un erro de principiante, porque tiña que telo feito daquela, e así non tería que saír agora, con esa cara dura, dicindo que vai crear unha comisión de investigación para a máxima transparencia. Agora que lle falan de posible corrupción é cando quere a comisión de investigación. Do informe dedúcese que cabe a posibilidade de que aquel grupo de goberno fose corrupto. E xa non só presentan a moción para crear a comisión de investigación sen falar con ninguén e pola porta de atrás, senón que lle poñen día e hora. Non sabe que van facer nesa comisión porque eles van votar en contra da súa creación, como non sexa investigar eles mesmos o que fixeron. Isto é unha tomadura de pelo á cidadanía e cada ourensán vai ter que poñer 35 euros do seu peto, incluídos os que non teñen para comprarlles libros aos seus fillos, para pagar estas desfeitas. Naquela comisión que pediu o Grupo Socialista, dicíase o seguinte: tivemos constancia de que se detecta de novo que esta Deputación foi investigada polo Ministerio de Facenda no relativo aos proxectos Daredo e

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

Deputados. Tamén dicían que no proxecto Daredo SP1 e E12, no que se contrataron as depuradoras de augas residuais en pequenos núcleos de poboación (e que moitas non funcionan) faise referencia a diferentes incidencias. Contratación pública en cinco actuacións onde non existiu publicidade na súa licitación. No proxecto Deputados, de subministración de novas plantas depuradoras, o informe fai referencia a que só se presenta un licitador con información privilexiada (hai que aclarar quen lla facilitou). Isto hai que aclaralo, e non vai ser unha comisión de investigación de *paripé* a que o aclare, senón que serán as autoridades xudiciais. O que tiña que facer o Sr. presidente era acompañar á oposición ao fiscal, xa que di que é tan transparente e quere que todo se aclare. Ao Grupo Socialista non lle sorprende o informe, sorpréndelle a contundencia, porque é aínda máis do que eles esperaban e o Sr. presidente non pode mirar para outro lado. Cando o Sr. presidente saíu nos medios de comunicación explicando este tema, facendo un alarde de transparencia (que non se merca) dicindo que non había ningún problema, que se ía recorrer, pero que en todo caso os delitos estarían prescritos. Cando alguén di isto recoñece que se fixo algo. Non lle vale que agora veñan cunha comisión de investigación que non serve para nada, o que lle vale é que as autoridades xudiciais determinen se houbo ou non delitos como os que se reflicten no informe sobre prevaricación, irregularidades e posible corrupción. O seu grupo non vai caer nisto, e se a Presidencia quere seguir adiante coa súa comisión de investigación e venderlla aos medios que siga, pero nesa comisión van faltar os dous grupos da oposición porque non os pode obrigar a estar nela. Hai que ter un mínimo de decencia política, que polo que se ve o presidente non a ten. Naquela acta da que falou antes, ante cousas tan graves como as que se dicían o Sr. presidente, que sempre ten a ben intervir para darlles clases de cómo se xestiona unha administración, dicía, antes de continuar co apartado de rogos e preguntas, que a milleiros de quilómetros de aquí, no Reino Unido, en Cardiff, no Centro das Artes Chapter .... O Sr. presidente é un fenómeno pero os fenómenos ao mellor teñen que pasar por certa casa con isto que hai enriba da mesa, e non lle vai facer falta falar inglés, con que explique as cousas en castelán ou en galego vano entender perfectamente e non precisa levar tradutor. O Sr. presidente é un frívolo e demostrouno á hora de facer esta proposta, porque con ela lles está a tomar o pelo a todos os cidadáns, pero o Grupo Socialista non llo vai permitir e por iso falaba antes da importancia da oposición. Con este acordo que se vai aprobar, porque van funcionar as matemáticas na votación, van crear unha comisión para investigar algo que xa está investigado. Se o Sr. presidente non presenta isto ante as autoridades xudiciais estará incumprindo e será cómplice, porque o órgano que llo pide é unha administración moi seria e non é unha consultoría de transparencia como as

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

que contrata. O grupo de goberno está quedando á altura do betume con esta pantomima. Por a conta que lle tiña e porque se lles está facendo dano aos cidadáns leu todo o informe e nel se recolle que as alegacións que anunciara o grupo de goberno se fixeron o 24 de xaneiro de 2013, moitos meses despois, pero ese non é o problema porque lle van responder que as fixeron cando lles mandaron a carta para facelas, pero se se tivese feito a comisión de investigación que pedía o Grupo Socialista, se terían determinado moitas causas que agora están enriba da mesa.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pensa que todas as posturas están claras. Vai tentar explicar algunhas cousas, porque ou non están claras ou se mal interpretan a conciencia. Baseándose no informe da OLAF, que só ten carácter informativo e non vinculante, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Dirección Xeral de Fondos Comunitarios) ven de comunicarlle o pasado 6 de setembro á Deputación de Ourense, o inicio dun procedemento de reintegro das subvencións percibidas pola Deputación no marco dos proxectos Daredo e Deputrans, expediente referido á contratación de subministracións de depuradoras e asistencia técnica nos anos 2003 e 2004 por importe de 10.123.053,8 euros, dos cales o 75% é do FEDER. A Deputación de Ourense non está de acordo co devandito informe da OLAF e sostén que non existen tales irregularidades, e por este motivo está a redactar as pertinentes alegacións que lle remitirá ao ministerio nos vindeiros días, alegacións que acompañará de probas contundentes que demostrarán a falsidade das imputacións xenéricas e irresponsables efectuadas pola OLAF, por unha denuncia anónima que máis debe saber a oposición dela que o grupo de goberno. Os servizos técnicos da Deputación, que analizaron o informe, consideran que nese procedemento, de habelas, só houbo irregularidades de tipo formal e subliñan que todo o proceso se seguiu conforme coa legalidade e coa normativa vixente. O informe, non vinculante, da OLAF entende que se cometeron as seguintes irregularidades: no que atinxe aos procedementos de contratación da subministración das depuradoras a OLAF considera que houbo requisitos esixidos aos licitadores non directamente vinculados co obxecto do contrato e que resultaron discriminatorios. A OLAF considera que estas irregularidades tiñan como finalidade favorecer, fronte outros competidores, á empresa que resultou adxudicataria dos contratos. A OLAF considera, no que atinxe ás asistencias técnicas, que a Deputación de Ourense cometeu irregularidades por entender que os contratos estaban adxudicados e executándose antes de lanzar os correspondentes procedementos de contratación. Insiste en que este informe da OLAF non é vinculante, non se trata dunha sentenza xudicial como parece que se quere dar a entender. O Grupo Popular propón crear a comisión porque pretende que isto se aclare, e se antes non aceptaron crear a comisión foi porque estaba en

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

proceso de elaboración o informe da OLAF e non procedía entremeterse. Unha vez rematado o informe corresponde crear a comisión, iniciativa que a oposición debería aplaudir.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que vaia información que te demanden dez millóns de euros. O informe ten un remate que o Sr. Álvarez Dobaño non leu: *además, para darle similitud a los procedimientos simulados de contratación, la Diputación Provincial manipuló la primera certificación, modificando su fecha, para que esta fuera coherente con la cronología del procedimiento simulado de contratación. Como resultado, tanto en el proyecto Daredo como en el Deputrans todos los contratos de asistencia técnica fueron adjudicados a la misma empresa que en el caso de las plantas depuradoras o a una empresa del mismo grupo. Dada la gravedad de las irregularidades constatadas, la OLAF considera que las autoridades nacionales deberían certificar la totalidad de las cantidades declaradas por el socio, Diputación Provincial de Ourense, por los proyectos Daredo y Deputrans, es decir, 13.497.404,03 €, de los que el 75% está cofinanciado con el FEDER (os 10.123.053 euros que se reclaman). Los hechos constatados podrían ser constitutivos de ilícitos penales, previstos en el Código Penal español, por lo que la OLAF considera necesario remitir el informe final a las autoridades judiciales nacionales para su consideración.* Non sabe que máis queren que lles diga a OLAF. Para resumir, di que se o Sr. presidente presenta a querela será outra historia. Esta mañá viña no autobús e escoitou á xente falar deste tema e dicían que había alguén que metera o caso. Non estaría de máis, en busca desa transparencia que tanto predica, que se lles dera publicidade ás declaracións patrimoniais que constan no Rexistro de Intereses desta Deputación do cargos institucionais daquela época. O BNG votará en contra desta proposta e tomarán as medidas que correspondan.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que este debate é co Sr. presidente que foi quen presentou esta frivolidade e deixa ao grupo de goberno á altura do betume, xa que isto é indefendible. Estanse a contradicir porque por unha banda din que van dar desmontado todas estas acusacións, pero por outra banda piden que se investigue. Se hai que investigar é que hai algo. Isto é como Epi e Blas, *arriba y abajo*. Cando o Grupo Socialista presentou esta iniciativa o Sr. presidente díxolles que terían que responder politicamente no xulgado e aínda está esperando que o chamen. Agora o grupo de goberno terá que denunciar á Unión Europea, porque o mesmo que dicía o Grupo Socialista o está a dicir agora a UE aínda peor. Claro que o informe non é unha sentenza, pero o informe conclúe dicindo que se remita ao xulgado, *dada la gravedad de las irregularidades constatadas en los procedimientos de contratación para la adquisición de las plantas depuradoras; información confidencial en*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

*posesión de un licitador, la OLAF considera que hai elementos para pensar que la Diputación Provincial de Ourense diseñó los pliegos de condiciones con la intención de favorecer a la empresa SMA y permitió a SMA que utilizara esa información confidencial.* Se isto non é así o primeiro que habería que facer é plantarse na Unión Europea e non chamar aos humildes grupos da oposición para facer un *paripé* de comisión de investigación. Pregunta se hai que investigar ou non. Saben que o informe non é vinculante, porque están a dicir algo administrativo, que se devolvan os cartos, o que é vinculante é o que din, que se poña en mans da xustiza. O Grupo Socialista non lle está a dar a razón á OLAF, senón que quen o ten que dicir é un xuíz que ten máis mecanismos para investigar que os grupos da Deputación. A quen se lle ocorre pensar que os propios técnicos ou as posibles persoas que cometeron a corrupción vaian dicir agora que a cometeron. Isto é un sen sentido e o único que fai o grupo de goberno é tomarlle o pelo á cidadanía. Se este asunto se chega a dar noutra administración que está preto de aquí, non queren pensar o que faría alguén que está aquí sentado. Reitera que isto é o máis grave que lle sucedeu á Deputación en moitos anos e dille ao grupo de goberno que son responsables do que ocorreu, o de agora por non facer o que hai que facer e o de antes por facer o que non debían facer. O Sr. presidente ten que facer gala da súa transparencia excepcional, a ao mellor lle pon deberes a quen lle vai asesorar nese tema da transparencia, aínda que seguramente, vendo o que hai, xa dimite mañá. Nin os deputados cren no Sr. presidente, nin os funcionarios, nin moitos alcaldes que o manifestan en público. Pero se o Sr. presidente non é capaz de levar este tema ao xulgado ninguén vai crer nel. Anuncia que se o Sr. presidente non leva este tema ao xulgado si o fará o Grupo Socialista.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** pídlle ao Sr. Gómez Pérez que no dite sentenzas. Á Deputación vai loitar para que isto non acabe como a oposición di que vai acabar. Se a oposición tanto defende os intereses dos cidadáns de Ourense o que deberían era dicirlle ao grupo de goberno que pelexase para que non haxa que devolver nin dez millóns nin tres. Di que as prescricións técnicas do prego respectan escrupulosamente a lei e a OLAF non sinala ningunha normativa que se vulnere. A Deputación, como calquera outra administración pública, ten dereito a establecer as prescricións técnicas que considere máis convenientes para garantir a máxima calidade das subministracións que adquire. As especificacións técnicas responden exclusivamente á necesidade de garantir a adquisición das depuradoras máis acaídas para a súa instalación en pequenos núcleos de poboación, conforme cos obxectivos dos proxectos aprobados por Bruxelas. Non é certo que o prego lles impidise presentarse a outras empresas (de feito, no

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

primeiro concurso admitíronse dúas ofertas). A Presidencia da Deputación (algo que debería valorar a oposición).

Neste momento prodúcese un intercambio de palabras co portavoz do Grupo Socialista e o Sr. presidente pide que se respecte a intervención do Sr. Álvarez Dobaño.

Continúa o Sr. Álvarez Dobaño, dicindo que a Presidencia da Deputación de Ourense manifesta o seu firme compromiso de transparencia total, e o que queren (tanto el como o grupo de goberno) é chegar ata o fondo da cuestión investigando, indagando e analizando todos e cada un dos temas referidos ao informe da OLAF e dos proxectos en cuestión, para despexar calquera dúbida que se poida presentar. Unha comisión de investigación que aclare definitivamente todas e cada unha das circunstancias referidas aos proxectos Daredo e Deputrans. Non entende por qué a oposición non quere que se faga e o Sr. presidente nin adiantou nin descartou nada. Manifesta que se o goberno tivo responsabilidades a oposición tamén, porque non poden estar aí sen informarse. Con independencia do dito anteriormente, os técnicos da Deputación de Ourense consideran que o expediente de reintegro iniciado polo Ministerio de Facenda é recorrible e debe archivarase, e o grupo de goberno fíase deles. Tamén sinalan os técnicos do ente provincial que o proceso de adjudicación das depuradoras xa foi obxecto de investigación por parte da Fiscalía de Ourense no ano 2008, segundo se puido saber do informe da OLAF (o grupo de goberno no o sabía) e as ditas dilixencias foron archivadas segundo auto ditado polo Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense en marzo de 2009, ao non apreciar a existencia de feitos delituosos. En consecuencia, a Deputación está realizando un seguimento adecuado da utilización das plantas. Non houbo fraude nin desvío de fondos. Aparentemente houbo irregularidades formais, pero hai que investigalas. Pídelle á oposición que se poñan onde se teñen que poñer e que exerzan a súa responsabilidade. O investimento está realmente executado: 104 depuradoras e unha non está en marcha (Larouco, que se activará co Consorcio de Augas); 4 non funcionan: Calvos de Randín (non ten enerxía eléctrica), Castro Caldelas e dúas en Maceda. Aí entra a responsabilidade de cada concello.

**Intervén o Sr. presidente** para dicir, en primeiro lugar, que se se deu a coñecer o contido dese procedemento foi por decisión da Presidencia, que podía, perfectamente, non dalo a coñecer.

Neste momento o Sr. Gómez Pérez interrompe a intervención da Presidencia e esta lle pide un mínimo de respecto e dille que non ten máis respecto quen máis berra nin quen máis xesticula.

Continúa o Sr. presidente e di que se deu a coñecer este procedemento como consecuencia dun informe da OLAF.

Prodúcese outra interrupción e o Sr. presidente di que se o deixan falar seguirá falando senón somete a votación o asunto sen máis. El estivo escoitando cousas que non lle gustaron con

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

absoluto respecto, polo que pide que o respecten a el tamén cando intervén. Pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se se quere sentar no sitio da Presidencia e dirixir o pleno, pero que tamén sabe o que ten que facer para iso. Agora tócalle respectar ao presidente e ao regulamento orgánico, que foi aprobado unanimemente.

Continúa o Sr. presidente e di que deu a coñecer este procedemento, froito dun informe da OLAF, para que todo o mundo soubera del. Tamén comunicou que desde a Deputación se estaba a preparar un escrito de alegacións que desmontase todas e cada unha das conclusións dese informe. Isto fai incompatible atender a demanda do BNG que pide que formulemos unha querela, porque o que se recibiu aquí non foi o informe da OLAF, senón que foi o inicio do procedemento de reintegro por parte do Ministerio. As recomendacións que figuran no informe da OLAF establecen dúas cuestións: a primeira que se inicie ese procedemento de reintegro, e despois a remisión ás autoridades xudiciais nacionais, que é unha cuestión que lle fai ao Ministerio que, ao mellor, a OLAF fixo directamente. Cuestións xudiciais que polo que se soubo, tamén do informe da OLAF, xa se teñen dirimido, porque houbo unhas dilixencias no Xulgado de Ourense que quedaron arquivadas. Con respecto a todas as alusións ás actas dos plenos onde se tratou este tema, di que mantén todas e cada unha das cuestións que alí se dixeron, tanto as que dixo el como as que dixo o portavoz do Grupo Popular, que son perfectamente coherentes co que están a dicir hoxe. Cando o Grupo Socialista solicitou a creación da comisión non versaba só dos proxectos Daredo e Deputrans, senón que incluían o proxecto Estacións e o proxecto PDC, e alí díxose que se esperaba a coñecer o informe que elaborase a OLAF. Xa naquel momento se reafirmou a máxima transparencia e se dixo que os grupos da oposición tiñan acceso aos expedientes. Así o fixeron e así lles foi remitida copia dos documentos que consideraron que debían ter. A última remisión fíxose en xullo de 2012, e desdee entón, varios meses despois, ningún grupo da oposición presentou ningunha cuestión relacionada con este tema. Cada grupo político ten a decisión libre de votar a favor ou en contra da creación desta comisión, o Grupo Popular vai a poñela en marcha para poder despexar calquera tipo de dúbida que puidese existir, que é perfectamente compatible e coherente coa formalización dun recurso de alegacións, no que defenderán os intereses da provincia de Ourense, neste caso da Deputación, partindo dun principio básico: a presunción de inocencia e non a de culpabilidade, que é a que algúns exercen deliberadamente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa moción, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013</b>
--

- Crear unha comisión informativa de carácter especial cuxo obxecto será o estudo da xestión dos proxectos Daredo e Deputrans, levada a cabo por esta Deputación Provincial.

A dita comisión informativa especial axustarase ás seguintes regras:

- a) A comisión estará integrada polo presidente, ou deputado no que delegue, e un representante de cada grupo político e de conformidade co establecido no artigo 103.1.b) en relación cos artigos 68 e 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 6.1 do Regulamento Orgánico da Deputación a comisión funcionará en réxime de voto ponderado, coa seguinte desagregación:
  - Presidente: 1 voto
  - Grupo Popular: 4 votos
  - Grupo Socialista: 3 votos
  - BNG: 1 voto
- b) A designación dos representantes da comisión corresponderalle a cada grupo político, mediante escrito dirixido á Presidencia polo portavoz de cada grupo, no que se poderán incluír os suplentes que se consideren necesarios.
- c) A primeira sesión da comisión será convocada o luns, 30 de setembro e terá lugar o xoves, 3 de outubro. A comisión levará a cabo o seu traballo conforme co calendario de sesións que estableza a propia comisión, debendo rematar o seu labor coa emisión dun ditame no prazo de 1 mes.
- d) A comisión poderá solicitar os informes e asesoramentos que considere oportunos, así como acordar a práctica das probas que se estimen pertinentes para o esclarecemento dos feitos.
- e) Os empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial estarán obrigados a comparecer ante esta comisión co obxecto de prestar declaración se así se lles require.

#### **15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, fai unha pregunta e un rogo. Pregúntalle ao Sr. presidente se considera, ao igual que o presidente da Xunta, que o alcalde de Beade é un chiste e, en consecuencia, qué pensa facer ao respecto como presidente provincial do PP. En canto ao rogo, di que á vista das declaracións feitas polo alcalde de Muíños e portavoz do Grupo Popular, de que *grupúsculos* instigados polo Bloque Nacionalista Galego querían afundilo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

con mentiras, solicitan unha desculpa pública, posto que o Sr. alcalde recibiu unha carta duns reputados investigadores que botan por terra as afirmacións que facía. Estiveron en Muíños e puideron ver que como algunhas cousas das que dicían non funcionan. Alí hai dúas depuradoras, das que é responsable o Sr. alcalde, que non funcionan. Pensa que como responsable político debería coidar moito o que di, porque os vertidos van ao río e ao encoro. Solicitan que retire, ou polo menos que se retracte, das acusacións que lle fixo ao BNG, porque non foron eles os que deixaron as depuradoras sen funcionar e non son eles os que permiten que se fagan vertidos.

O **Sr. presidente** responde, en relación co alcalde de Beade, que vai contestar como presidente da Deputación, que é o lugar onde está, e manifesta que xa dixo que as declaracións lle parecían rexeitables e condenables. Cuestión que é coherente co que se votou no Parlamento Galego no ano 2008 en condena de todo tipo de ditaduras. Con respecto ao rogo, e xa que está neste Pleno o alcalde de Muíños, cédelle a palabra por alusións, que non reabra debate, por un tempo de dous minutos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño**, di que lle pode garantir ao Sr. Rodríguez Puga que nin é presidente da Deputación nin aspira a selo. Di isto porque as preguntas do Pleno terían que ser para o Sr. presidente. O Sr. Rodríguez Puga dispara o boneco, independentemente do material do que estea feito, pero está mal informado. En Muíños non hai ningunha depuradora do Plan Daredo nin Deputrans, polo tanto non poden funcionar nin ben nin mal porque non as hai. En Muíños hai dúas Edares, unha que leva anos funcionando e da que se fan analíticas periódicas e a outra non funciona porque aínda non se abriu a residencia de día, e para funcionar sen nada é mellor que non funcione e pídelle ao Sr. Rodríguez Puga que vaia por Muíños que é un pobo moi bonito. En canto a que se ten que desculpar dille ao Sr. Rodríguez Puga que llo diga á periodista que puxo na súa boca as palabras que el non dixo.

Prodúcese unha interrupción e o Sr. presidente pide respecto para quen está falando.

Continúa o Sr. Álvarez Dobaño, dicindo que o seu carácter non lle permite dicir as cousas que saíron nos medios, e quen o coñece sabe que non se expresa así nunca. Esta é a opinión dunha periodista, a quen respecta, pero non vai permitir que cite na súa boca o que el non dixo.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, reitera o tema das xornadas de teatro ás que foi a directora do Teatro Principal a Madrid e pregunta se se lle vai pedir a devolución dos tres días que non están xustificadas e non que non tiveron lugar as xornadas. As xornadas duraron tres días e segundo a documentación da que dispoñen as axudas de custo foron de seis días.

O **Sr. presidente** toma nota e di que lle remitirán a documentación oportuna.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de setembro de 2013**

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, como non tivo tempo no debate anterior, rógalle á Presidencia que cree unha comisión de investigación (antes de que veñan os informes) para os proxectos Vía Nova, Estacións e PDC, que tamén teñen problemas con investigacións por parte da OLAF. Pregúntalle ao Sr. presidente se sostén publicamente que funcionan todas as depuradoras. Pregunta tamén, se ao final isto acaba no xulgado e se demostra que son procesos delituosos, se vai tomar algún tipo de responsabilidade política.

O **Sr. presidente** responde, con respecto ao rogo, que xa se sabe cal o procedemento para a creación dunha comisión de investigación, coa presentación da moción correspondente como se fixo hoxe, na que tivo oportunidade de votar e votou en contra. Con respecto ao funcionamento das depuradoras di que sostén o que lle din os servizos técnicos da Deputación. En canto ao final do procedemento di que hai que esperar ao final e unha vez que se saiba algo firme e se teñen que pedir responsabilidades se pedirán.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, formula un rogo polo que as deputadas do Grupo Socialista, xa que son as únicas mulleres que forman parte da Corporación, esixen que cando se dirixan a elas se faga co máximo respecto a poder ser, igual que elas respectan aos homes. Cando no debate se aludiu a que a deputada Sra. Morenza tiña que procrear, parece que o papel das mulleres na vida é o reprodutivo. Pensa que o Sr. Álvarez Dobaño estivo errado neste caso, porque vai bastar esperar uns meses para ter novas.

O **Sr. presidente** cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño, de novo por alusións, pero quere aclarar primeiro que el tamén estivo no debate e puido comprobar que a frase “hai que procrear” a dixo en primeira persoa do plural, non a dixo diferenciando entre homes e mulleres, e cre que non o dixo con ningún carácter pexorativo nin con ánimo de polemizar.

**D. Plácido Álvarez Dobaño**, manifesta que súa intención ía nos termos expostos polo Sr. presidente e que o dixo en primeira persoa, porque el podía ter tres ou catro fillos e só ten dous. En todo caso, se a súa expresión non gustou a retira, porque nada máis lonxe do seu estilo que molestar a unha señora.

E, ás 15:15 horas do citado día vinte e sete de setembro de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**